

# VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

## XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, 2

15008 A Coruña

**Asunto:** Alegacións ao ACORDO do 22 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097), DOG Núm. 126, de 4 de xullo de 2022.

Don/Doña \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de \_\_\_\_\_, con DNI. Número \_\_\_\_\_, en \_\_\_\_\_, municipio de \_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_.

### **EXPÓN:**

Á vista do Acordo do 22 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097), DOG Núm. 126, de 4 de xullo de 2022, por medio do presente escrito realiza as seguintes

### **ALEGACIÓNS:**

#### **I.- ANTECEDENTES E DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS AMBIENTAIS**

1) Por Acordo do 10 de decembro de 2021, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental e o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes (expediente IN408A 2018/26), DOG Núm. 242, 20 de decembro de 2021.

Tan só se sometía a exposición pública o proxecto do parque eólico Solpor e parte da súa infraestrutura de evacuación pero non a totalidade desta. Non se somete a avaliación ambiental conxunta o parque e a totalidade das súas infraestruturas de evacuación. Polo tanto, a veciñanza afectada pola liña de evacuación cando teña a opción de avaliar o impacto desta infraestrutura, parte das instalacións (aeroxeradores, Set, gabias de cableado...etc) é probable que xa contén con unha declaración de impacto ambiental aprobada ou incluso co proxecto aprobado, non tendo opcións para decidir nin poder valorar a totalidade das infraestruturas. Réstase e incluso se impide a participación da cidadanía no proceso de tramitación da totalidade das infraestruturas do parque eólico. Vulnéranse por tanto dereitos das persoas, non só xa os dereitos á información e o dereito de participación, senón dereitos máis fundamentais como é o dereito á saúde, o dereito ao benestar físico e psíquico da cidadanía e das colectividades, entendidas estas como as familias dos núcleos rurais afectados e o seu dereito a decidir, relacionados cos anteriores. Isto só é propio dun Estado totalitario e antidemocrático.

Indica a mercantil promotora do parque eólico Solpor:

*“Para la evacuación de la energía generada en el Parque eólico Solpor, se proyecta una LAT 132Kv, que partirá de la subestación de PE Solpor 30/132 kV, infraestructuras todas ellas objeto del presente proyecto. **Esta línea se conectará a la denominada “Solución de evacuación conjunta L.A.T. 132 kV SET P.E. GASALLA - SET COLECTORA, que evacuará la energía de este y de otros parques del clúster que están siendo tramitados y son objeto de proyecto independiente. La conexión con el punto final de evacuación a red la “SET Mesón do Vento 220 kv de REE”, se hará mediante una LSAT 220KV, objeto de proyecto independiente y que tramita otro promotor”.***

Polo tanto, e a pesar de ser parte das infraestruturas de evacuación deste proxecto substraése da información pública nin máis nin menos que dous expedientes, co que se está a privar á cidadanía afectada e ao público da súa consulta e avaliación dos impactos ambientais vulnerándose a Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental e o artigo 21 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, que indica:

**Artigo 21. Actividades de produción de enerxía eléctrica.**

*“5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución, e no seu caso, a transformación de enerxía eléctrica”.*

Esta práctica espúrea evidencia a vulneración flagrante da Lei 21/2013, de 9 de decembro de avaliación ambiental ao substraer os plans industriais da preceptiva avaliación ambiental estratéxica ao mesmo tempo que vulnera normativa internacional do alcance do Convenio de Aarhus.

2) Por Acordo do 22 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, sométese a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do **proxecto do parque eólico Legre**, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097), DOG Núm. 126, de 4 de xullo de 2022.

**A inclusión dos efectos e impactos das instalacións de evacuación de enerxía e de conexión incrementarían considerablemente a magnitude dos impactos detectados no EIA, facendo necesario valorar outras alternativas ou implementar novas medidas correctoras.**

Cómpre resaltar o carácter unitario dos parques eólicos previstos, no sentido de que todos os seus elementos e instalacións deben contemplarse desde unha perspectiva unitaria, desde os accesos e os propios aeroxeradores ata a liña de conexión dos parques no seu conxunto coa rede de distribución ou transporte de electricidade. Iso conleva, efectivamente, que non pode darse un tratamento separado a grupos de aeroxeradores de forma artificial e tratalos como parques autónomos, ou duplicar instalacións co mesmo fin, pois iso comportaría efectivamente unha fraude de lei que, á marxe do seu maior impacto ambiental, podería supoñer unha alteración da competencia ou unha evitación de maiores esixencias ambientais.

**Non se valora a localización dos parques previstos e a súa continuidade física e tampouco se pondera que todos os parques compartan elementos comúns relevantes, como é a liña de evacuación de electricidade e as infraestruturas de conexión asociadas. Ao anterior hai que engadir outro dato adicional, que é que a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos sinérxicos dos mesmos desde a perspectiva ambiental.**

A unidade do proxecto resulta así dos datos fácticos xa acreditados arestora en base aos proxectos presentados polas promotoras e arestora en tramitación, como son a localización lindeira dos parques, dos elementos comúns como a liña de evacuación de electricidade etc... Por outra banda, a consideración separada dos parques impide ter en conta os efectos desde o punto de vista do impacto ambiental, obviando unha análise do conxunto dos elementos implicados, sen que poida paliarse o defecto de concepción inicial cos estudos de sinerxias, limitado a determinados aspectos. Todos os parques proxectados teñen efectos acumulados sobre os mesmos elementos da paisaxe e a biodiversidade da contorna, polo que o seu impacto sinérxico debe ser avaliado de forma conxunta para non incorrer nuns procedementos viciados desde o principio e nulos de pleno dereito, tal e como apuntan diversas resolucións xudiciais respecto diso. Ademais a cidadanía ten dereito ao acceso á información do conxunto e a recibir información relativa ao conxunto global e acumulado de todas as infraestruturas do proxecto industrial.

**A Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos é unha técnica que non admite sucedáneos ou substitutos e que, por tanto, debe esixirse de forma íntegra, a fin de non frustrar a súa funcionalidade.**

Que a fragmentación artificial ou de conveniencia deste tipo de proxectos non se axusta a Dereito é unha realidade que veñen corroborando os tribunais de xustiza en España dende hai anos. Así, por exemplo, A Sentenza do TSXG, Sala Terceira, nº 254/2020, de 9 de novembro, que apreciou a fragmentación artificial do parque eólico Sasdónigas, en Mondoñedo, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 30 de marzo de 2017, nº 556/2017, ou a pioneira Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de abril de 2006, na que se pode ler o que segue:

*"Se algún sentido ten dita figura (os parques eólicos), coa significación xurídica que diversas normas lle recoñeceron, é precisamente a de integrar en si varios aerogeradores interconectados e dispoñelos de modo que non atenúen uns o rendemento eólico doutros, en zonas con determinados requisitos mínimos (velocidade e constancia do vento) co fin de optimizar o aproveitamento enerxético e diminuír os custos da súa conexión ás redes de distribución ou transporte de enerxía eléctrica. É consustancial, pois, aos parques eólicos o seu carácter unitario de modo que os aerogeradores neles agrupados necesariamente han de compartir, ademais das liñas propias de unión entre si, uns mesmos accesos, un mesmo sistema de control e unhas infraestruturas comúns (normalmente, o edificio necesario para a súa xestión e a subestación transformadora). E, sobre todo, dado que a enerxía resultante ha de inxectarse mediante unha soa liña de conexión do parque eólico no seu conxunto á rede de distribución ou transporte de electricidade -pois non se cumprirían os criterios de rendimento enerxético e dun mínimo impacto ambiental se cada aerogenerador puidese conectarse independentemente, coa súa propia liña de evacuación da enerxía eléctrica producida, ata o punto de conexión coa rede eléctrica-, non é posible descompoñer, a efectos xurídicos, un parque eólico proxectado con estas características para diseccionar del varios dos seus aerogeneradores aos que se daría un tratamento autónomo".*

En canto ao impacto negativo das operacións de fragmentación artificial de parques nas avaliacións ambientais, a Sentenza do Tribunal Supremo, Sala Terceira, de 21 de febreiro de 2014, recaída no recurso 673/2009, contemplou no seu Fundamento de

Dereito sexto o que segue:

*"3ª. Diso despréndese que, prescindindo, dunha consideración de conxunto dos demais parques, a declaración de impacto ambiental realizada, efectuouse de forma fraccionada, iso é totalmente claro despois de que na mesma se prescindiu, como se desprende do informe precedentemente citado, da liña de evacuación eléctrica que conecta co sistema de distribución xeral, liña esta que ha de formar parte do parque ou parques analizados, e que sendo común aos dous, serve precisamente, entre outros elementos para considerar, para dar unidade a ambos. A non integración da devandita liña devaluou a declaración de impacto realizada, o que non pode paliarse cun estudo de sinerxias, que só considera determinados aspectos, como o de ruído e ambiental, que puiden constituír, si, un plus respecto a os proxectos analizados en conexión con outros, pero que non pode servir para paliar un defecto de concepción inicial, cal debeu ser unha análise conxunta de todos os elementos que han de integrar o único proxecto. Noutro caso, sempre quedaría ao criterio da Administración a escisión dos proxectos para avaliar completando posteriormente un estudo conxunto de ambos os a través de devandito estudo de sinerxias, que sempre deberá efectuarse nun proxecto unitario determinado polos elementos inescindibles que o compoñen.*

*4ª. As mesmas consideracións deben efectuarse respecto á duplicación en dúas dos procedementos de autorización, sendo copia mimética o un do outro, o que é expresivo de que nos atopamos, non ante dous proxectos, senón ante un só, xa que a admisión deste criterio permitiría, non duplicar senón triplicar, cuadruplicar... etc. o proxecto inicialmente concibido, fraccionando as avaliacións de impacto ambiental, que non pode ser duplicada, para cada un dos proxectos, senón que, por contra, a única*

*garantía de analizar todas os aspectos que se han de incluír no mesmo, é desde unha visión conxunta, non fraccionada, sen que poida suplir esta carencia de orixe, recorrendo a unha análise posterior das sinerxias que se producen entre os elementos illadamente analizados”.*

Unha cousa é que se pretenda facer valer que nos atopamos ante proxectos de implantación de parques independentes e plenamente funcionáis de xeito aislado, e outra é que as vinculacións operativas entre eses parques proxectados sexan, de facto, intensas. Poderase alegar que se procura o menor impacto nas infraestruturas de evacuación, poderase referir tamén a súa modularidade ou adaptabilidade, mais certamente, no sentido apuntado por unha xurisprudencia cada vez máis consolidada, **a fragmentación artificial tén por finalidade menoscabar as garantías inherentes aos procedementos de avaliación, pola vía de imposibilitar a avaliación ambiental de conxunto dos proxectos. E para superar esa merma de garantías, dende logo, non resulta suficiente que nas avaliacións ambientais fragmentadas se acometan estudos de sinerxias, sobre os cales a xurisprudencia tén declarado o seu carácter incompleto e fragmentario. Así, a Sentenza do TSX de Castela-León, Sala de Valladolid, nº 1361/2014, de data 26/06/2014, Fundamento de Dereito sexto, resolución que declarou a existencia de fragmentación artificial:**

“Prescindindo, de una consideración de conxunto de los demás parques, la declaración de impacto ambiental realizada, se ha efectuado de forma fraccionada, ello es totalmente claro en cuanto que en la misma se ha prescindido, como se desprende del informe precedentemente citado, de la línea de evacuación eléctrica que conecta con el sistema de distribución general, línea esta que ha de formar parte del parque o parques analizados, y que siendo común a los dos, sirve precisamente, entre otros elementos a considerar, para dar unidad a ambos. La no integración de dicha línea ha devaluado la declaración de impacto realizada, lo que no puede paliarse con un estudio de sinergias, que solo considera determinados aspectos, como el de ruido y ambiental, que puede constituir, sí, un plus respecto a los proyectos analizados en conexión con otros, pero que no puede servir para paliar un defecto de concepción inicial, cual debió ser un análisis conjunto de todos los elementos que han de integrar el único proyecto. En otro caso, siempre quedaría al criterio de la Administración la escisión de los proyectos a evaluar completando posteriormente un estudio conjunto de ambos a través de dicho estudio de sinergias, que siempre deberá efectuarse en un proyecto unitario determinado por los elementos inescindibles que lo componen. (...) Las mismas consideraciones han de efectuarse respecto a la duplicación en dos de los procedimientos de autorización, siendo copia mimética el uno del otro, lo que es expresivo de que nos encontramos, no ante dos proyectos, sin ante uno solo, ya que la admisión de este criterio permitiría, no duplicar sino triplicar, cuadruplicar... etc. el proyecto inicialmente concebido, fraccionando las evaluaciones de impacto ambiental, que no puede ser duplicada, para cada uno de los proyectos, sino que, por contra, la única garantía de analizar todas los aspectos que se han de incluir en el mismo, es desde una visión conjunta, no fraccionada, sin que pueda suplir esta carencia de origen, recurriendo a un análisis posterior de las sinergias que se producen entre los elementos aisladamente analizados”.

Cómpre salientar que esta Sentenza foi ratificada en casación polo Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, en data 30/03/2017, por medio de Sentenza nº 1390/2017.

En calquera caso, o proxecto verbo do que alegamos e, en particular, o estudo de impacto ambiental, non acomete tampouco unha avaliación acaida de impactos acumulativos e sinérxicos. Aínda partindo da realidade de que se está a tramitar a implantación do conxunto de parques antes referidos na zona xeográfica de referencia, o estudo dos impactos acumulativos e sinérxicos incorporado como Anexo VI ao EIA non se pode considerar que xustifique ou motive adecuadamente as conclusións ás

que chega, nin que -na liña da xurisprudencia citada anteriormente- considere a totalidade dos aspectos que deben ser considerados.

Dada a proximidade física entre os diferentes proxectos de parques, e por conseguinte a súa afección aos mesmos espazos naturais, especies, patrimonio ou poboación, é precisa unha análise exhaustiva, ecosistémica e participada que garanta un modelo de desenvolvemento rural equilibrado da zona afectada, no sentido do disposto no artigo 46 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que establece que calquera plan, programa ou proxecto que poida afectar de forma apreciable ás especies ou hábitats dos espazos da Rede Natura 2000, xa sexa individualmente ou en combinación con outros plans, programas ou proxectos, someterase a unha adecuada avaliación das súas repercusións no espazo, tendo en conta os obxectivos de conservación.

Pola súa banda, a Rede de Autoridades Ambientais (Subgrupo de coordinación de órganos ambientais na avaliación de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables), en documento de Alcance de estudo de impacto ambiental de Proxecto de Parque Eólico Terrestre, recomenda que se a solicitude administrativa está en tramitación, “no caso de que o mesmo ou diferentes promotores soliciten autorización administrativa de varios parques cuxas evacuacións conflúan a unha mesma nova subestación ou requiran una mesma nova liña de conexión coa rede de transporte de REE preexistente, sempre que o órgano substantivo que deba tramitar e outorgar as respectivas autorizacións sexa o mesmo, para facilitar a avaliación dos efectos acumulados e sinérxicos recoméndase a súa tramitación simultánea, a elaboración dun estudo de impacto ambiental único para todos eles e solicitar a acumulación das correspondentes avaliacións de impacto ambiental nun único procedemento (artigo 57 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).

## **II.- IMPACTOS AMBIENTAIS SEVEROS.**

**Respecto á falla de avaliación ambiental estratéxica do Plan Sectorial eólico de Galicia indica o INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA DOI: 10.17075/icttseepc.2021, de decembro de 2021, indica ao respecto nas páxinas 85 e 86 que:**

*“Finalmente, o feito de que o Plan sectorial eólico de 1997 non fose sometido a avaliación ambiental estratéxica determina, como xa salientamos, unha avaliación fragmentada, proxecto a proxecto. Isto, unido a que a propia estrutura da avaliación ambiental dos proxectos presente serias insuficiencias, provoca un alto potencial de dano ambiental non diagnosticado, que se incrementa a medida que se autorizan parques eólicos sen unha visión de conxunto dos seus impactos. Estes danos ambientais serían irreversibles, en boa medida, ao supor alteracións non avaliadas dos ecosistemas afectados.*

*Sendo isto así, cómpre suxerir unha moratoria na autorización de parques, para que as administracións competentes corrixan as eivas que van descritas no presente informe, antes de continuar coa forte expansión desta tecnoloxía enerxética. Dous principios ambientais deben ser sinalados como xustificación xurídica desta proposta:*

▮ **O primeiro é o de precaución.** *Trátase dun principio esencial da política ambiental europea, cuxas bases foron asentadas na Comunicación da Comisión Europea do 2 de febreiro do 2000. Conforme este principio, hoxe incorporado ao artigo 191 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e á xurisprudencia comunitaria (sentenza do Tribunal de Primeira Instancia do 11 de setembro, asunto T-13/99, “Pfizer Animal Health S.A.”), “cando haxa perigo de dano grave ou irreversible, a falta de certeza científica absoluta non debe utilizarse como razón para postergar a adopción de medidas efectivas para impedir a degradación do medio ambiente”.*

Hoxe, o principio de precaución aparece incorporado ao artigo 2.k) da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.

▮ **O segundo é o principio de non regresión ambiental**, tamén incorporado no artigo 2.l) da Lei 7/2021 citada. Consonte o preámbulo desta lei básica, “Desde el punto de vista medioambiental, este principio de no regresión se define como aquel en virtud del cual la normativa, la actividad de las Administraciones Públicas y la práctica jurisdiccional no pueden implicar una rebaja o un retroceso cuantitativo ni cualitativo respecto de los niveles de protección ambiental existentes en cada momento, salvo situaciones plenamente justificadas basadas en razones de interés público, y una vez realizado un juicio de ponderación entre los diferentes bienes jurídicos que pudieran entrar en contradicción con el ambiental”.

Por último, é imprescindible lembrar que estes principios foron aplicados xa pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia como parámetros de control das autorizacións de parques eólicos, nas súas sentenzas do 11 de decembro do 2020 (STSJ GAL 6191/2020, 6192/2020 e 6193/2020, relator: Javier Cambón García)”.  
👉 **Non se somete a exposición pública a Relación de Bens e Dereitos Afectados (RBDA) polas infraestruturas eólicas**

O feito de non someter a exposición pública a RBDA conxuntamente co estudo de impacto ambiental produce indefensión ás persoas afectadas que non coñecen a súa situación e por tanto, pode que non saiban da súa condición e non realicen alegacións ao proxecto.

👉 **FRAGMENTACIÓN DO PROXECTO INDUSTRIAL EÓLICO EN VARIOS PROXECTOS INDEPENDENTES. DIVISIÓN ARTIFICIOSA E FRAUDE DE LEI.**

En relación ás conclusións do Consello da Cultura galega sobre a instalación de parques eólicos en Galicia, indica o citado informe que:

#### “5.1. Conclusións finais

A fin de concretar as conclusións que acabamos de expoñer, recolleamos aquí en puntos os aspectos que ter en conta e que consideramos máis relevantes segundo os obxectivos do presente informe:

1. É prioritaria a revisión do Plan sectorial eólico de Galicia e o seu sometemento a avaliación ambiental estratéxica, no marco que as Directrices de ordenación do territorio establecen cando regulan o Plan sectorial de produción e distribución de enerxía, para:
  - atender aos obxectivos sinalados nas Directrices da Paisaxe respecto dos obxectivos de calidade paisaxística;
  - atender á protección dos valores culturais do territorio a través dos que a LEI 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia reconece o valor patrimonial do territorio; e
  - atender á protección dos valores naturais dos espazos que aínda non foron incorporados á Rede Natura.
2. É necesario ampliar a Rede Natura e caracterizar as paisaxes cunha definición a maior escala e detalle. A salvagarda dos valores do territorio ante o desenvolvemento eólico actual require unha actuación proactiva da Administración na identificación, inventario e protección deses valores.
3. Respecto ao medio, cómpre salvagardar lugares que teñen valor pola súa riqueza natural, cultural, paisaxística, etnográfica ou histórica, xa que coa implantación masiva dos parques eólicos se está a superar a capacidade de carga do sistema natural.
4. Verbo da cidadanía, hai que ter en conta que a construción de parques eólicos cubrindo a totalidade do territorio galego racha coa conectividade entre lugares, coa imaxe da paisaxe tradicional e coa memoria colectiva dos seus habitantes.
5. É necesaria unha estratexia dotada de instrumentos, medios e recursos que redefina a escala de xestión na que o territorio se considera marco e escenario de xestión transversal do patrimonio cultural. Isto supón desenvolver unha nova cultura sobre o

territorio como elemento aglutinador e portador de valores culturais, e garante da permanencia do patrimonio, así como mudar a visión del cun novo enfoque que permita xestionalo dunha forma integral.

6. É necesario un compromiso político coa integración ambiental do desenvolvemento eólico impedindo tácticas como a individualización de parques eólicos contiguos que comparten infraestruturas comúns, evitando analizar os seus efectos acumulativos ao avalialas por separado ou o fraccionamento dos proxectos, que se analizan como elementos illados cando deberían ser un todo único que se examinase de forma conxunta.

Esa avaliación, así como as súas propias insuficiencias, provocan un alto potencial de danos ambientais e patrimoniais non diagnosticados que poden ser irreversibles pola ausencia de avaliación dos ecosistemas afectados.

7. Non se pode equiparar a participación pública coa información pública, xa que a segunda non pode substituír á primeira. A planificación dos territorios susceptibles de acoller parques eólicos debe contar coas comunidades locais polo seu coñecemento do territorio, sen furtarlles o dereito a ser parte das decisións que afectan a súa relación co territorio que habitan, segundo ampara o Convenio europeo da paisaxe.

8. Porque é incuestionable que este despregamento eólico modificaría negativamente o territorio e as súas dinámicas e xeraría unha nova paisaxe, é necesario tomar conciencia dos procesos sociais e económicos que xeran estas novas formas da paisaxe, anticipar os efectos que produciría a implantación dos parques e consideralos dentro do proceso de toma de decisións sobre un territorio pensado globalmente.

9. A curto prazo, débense mellorar moitos dos instrumentos dos que xa se dispón: a ordenación do territorio e a avaliación ambiental pódense re-deseñar e mellorar a súa función, considerando de xeito integral as múltiples afeccións que as instalacións eólicas xeran á sociedade, ao contorno ambiental, perceptivo e material, e á propia vida das comunidades.

10. A longo prazo, debe re-planificarse o modelo de desenvolvemento económico cara a unha sociedade sustentable, o que inclúe unha reflexión sobre as condicións reais de sustentabilidade das chamadas "enerxías renovables".

11. Urxe solicitar unha moratoria na autorización de parques, para que as administracións competentes corrixan as eivas descritas no presente informe, antes de continuar coa forte expansión desta tecnoloxía enerxética. Esta proposta xustifícase xuridicamente por dous principios ambientais: o principio de precaución e o de non regresión ambiental".

Por outra banda, estase a obviar a importante función de descarbonización da economía que realiza o monte galego, tal e como reconece expresamente a propia Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia na súa Exposición de Motivos.

#### ☞ **Ausencia do estudo do potencial eólico entre a documentación sometida a exposición pública.**

A mercantil promotora non acredita a existencia do recurso eólico.

#### ☞ **Ausencia de retorno social do proxecto industrial eólico.**

A mercantil promotora non indica cal é o retorno social do proxecto. O parque non xera emprego algún de calidade (trátase de emprego temporal e só durante a instalación do parque) nin repercute en modo algún de forma positiva na economía da zona. Todo o contrario: a severa afección paisaxística, ambiental e patrimonial afectará gravemente e de xeito irreversible ao benestar das familias, ao desarrollo da hostalería e do turismo e prevese que contrariamente ao que indican, a afección aos recursos hídricos da zona e ás brañas sexa irreversible.

Véxase o informe do Consello da Cultura galega: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437>











#### ☞ **Afección significativa, severa e prexuízos irreparables para a Paisaxe e á biodiversidade. Incremento do FEÍSMO PAISAXÍSTICO e afección severa ao turismo e á hostalería:**

Ao igual que o proxecto do parque eólico Solpor, o proxecto do parque eólico Legre fragmenta os hábitats, os ecosistemas e implica directamente a perda de biodiversidade. Pero non son só estes parques. Existen outros parques no mesmo ámbito xeográfico. Os parques proxectados transforman as paisaxes de mosaicos agro –forestais nunha paisaxe inhóspita de marcado carácter industrial inzada de muíños e liñas de alta tensión. Ao anterior hai que engadir os impactos da liña de evacuación non sometida a avaliación ambiental conxuntamente co parque.




Por outra banda, o proxecto afecta de maneira irreversible a lugares identitarios para a poboación e as familias que viven, residen e/ou traballan no ámbito xeográfico dos parques e que resultan obviadas pola mercantil promotora. Estas paisaxes están construídas a partir das vidas das persoas, as súas percepcións e son moitas veces fundamentais para o sentimento de identidade e o benestar das persoas. Trátase de paisaxes identitarias das persoas que constrúen e viven na paisaxe en si, cuxas miradas probablemente non son panorámicas, nin sequera admiran, pero cuxas percepcións sensoriais descendentes aos máis pequenos detalles, identificando paisaxes de vida, soños, símbolos. **Entre estas paisaxes ou lugares peculiares e identitarios para a poboación local e as familias que viven, residen e/ou traballan nos núcleos rurais afectados destacan:**

**Monte do Lobo, Coto do Lobo, Coto das Pías, Alto das Pías, O Quenllo, A Redonda, Brañas da Ponte, As Brañas de Valga, Ponte da Pedra, Monte da Cruz, Alto da Revolta (con mirador a 406 metros), As Trabes, A Ballota, A Covela Vella, A Gándara, O Coto, O Coto da Pena, O Muíño do Monte, As Brañas da Revolta, As Fontiñas, As Brañas das Pías, O Muíño do Batán, O Monte do Socorro, Diante do Pozo, O Porto, O Folgar, O Liñar, A Fraga de Faramilláns, A Fonte, O Coto Redondo, O Castro, O Seixo, O Muíño do río Buxán, O Novío, O Pozo Grande, A Fonteboa, O Telleiro, Os Montes da Cruz de Queiroa, Os Meancos, As Brañas de Ponte, As Brañas dos Campos de San Pedro, Os Campos da Piña, As Ganzas, O Petón, A Chousa do Abillón, A Charqueira, A Camposa, A Cruz, O Coto do Croio, O Soutiño, O Muíño Vello, O Prado do Barro, O Coto da Croa, A Loura, O Batán, O Cruceiro, A Agra da Torre, A Fraga, Caardiga, Os Montes da Barcula, O Cotón de Xernade, Os Montes do Foxo, Os Montes de Bruma, Os Montes do Castro, O Campo de Pousadas, Outeiros, O Camiño Inglés, O Outón, O Sapo, A Besada, O Chabardel, Acivreira, O Torreiro, O Picho, O Porto Lusío, O Monte da Raposa, As Brañas das Rexas, A Lameira, As Caldeareas, As Pociñas, As Valadas, A Fraga do Rei, O Monte dos Muíños, O Monte Abelleira, A Maquía, O Brañón, A Braña Ancha, A Fontaiña, A Chousa do Río, O Prado da Fontenla, A Cruz, As Gandariñas, O Campo do Sino, A Fraga do Monte, O Monte Negro, Os Montes da Cruz de Queiroa a 415 m, Os Montes da Barcula, O Cotón de Xernade a 451 m, A Chousa de Campos a 411 m, O Coto das Pías a 388 m, O Alto das Pías a 405 m, O Alto de A Revolta a 406 m e o Coto do Croio a 396 m, Picoi (546 m), Cova (488 m), Teixoeiras (427 m), Rozamonde (462 m) ou Montouto (542 m)....etc.**

Pero hai que ter en conta tamén que existe unha mancha de infraestruturas eólicas no ámbito xeográfico de afección do proxecto, o que xera progresivamente o feísmo paisaxístico, xa que están a instalarse estacións eólicas e formando verdadeiros polígonos industriais nos cumes dos montes e das montañas, afectando a áreas como é este caso de alto valor ambiental, hídrico e paisaxístico e patrimonial.

-  PE Meirama
-  PE das Encrobas
-  PE Monte Inxeiro
-  PE Alto dos Borralllos
-  PE Monte de San Bartolomé
-  PE Solpor
-  PE Gasalla
-  PE Legre
-  PE Abrente
-  LATS do NÓ MESÓN DO VENTO

Outros parques eólicos na entorna do proxecto:

-  1. Pes Inditex (PE en explotación o autorizado)
-  2. Pes Arteixo (PE en explotación o autorizado)
-  3. Monteagudo (PE en explotación o autorizado)



4. Pes Laracha (PE en explotación o autorizado)
5. Pedrarrubia (PE en explotación o autorizado)
6. Carboeiro (PE en Tramitación)
7. Picoto (PE en Tramitación)
8. Pena Galluda (PE en explotación o autorizado)
9. Coto Loureiro (PE en Tramitación)
10. Pico Cerdeira (PE en Tramitación)
11. Pes Cerceda (PE en explotación o autorizado)
12. Meirama (PE en Tramitación)
13. Monte Inxeiro (PE en Tramitación)
14. Solpor (PE en Tramitación)
15. Gasalla (PE en Tramitación)
16. Xalo (PE en Tramitación)

#### **Infraestruturas de GREEN CAPITAL POWER S.L.:**

- LATs do NÓ MESÓN DO VENTO
- Parque eólico Gasalla: 7 aerogeneradores no ámbito
- Parque eólico Abrente: 5 aerogeneradores no ámbito
- Parque eólico Legre: 7 aerogeneradores no ámbito
- Parque eólico Solpor: 5 aerogeneradores no ámbito

#### **Infraestruturas doutros promotores:**

- LAT 220 KV CAMPELO-MESÓN
- Parque eólico Encrobas: 1 aerogeneradores no ámbito
- Parque eólico Meirama: 6 aerogeneradores no ámbito
- Parque eólico Alto dos Borrallós: 3 aerogeneradores no ámbito
- Parque eólico Monte San Bartolomé: 11 aerogeneradores no ámbito

Na LAT 220 kV Campelo-Mesón entroncará a LAT de interconexión 220 kV do NÓ MESÓN DO VENTO.

#### **INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS DO PROMOTOR**

- LAT 132 kV SET PE Gasalla-SET Colectora Mesón, SET Colectora Mesón e LAT 220 kV de ligazón
- LAT 132 kV SET PE Abrente - SET PE Gasalla
- LAT 132 kV de evacuación do PE Legre
- LAT 132 kV de evacuación do PE Solpor (esta infraestrutura tramítase en conxunto co PE Solpor)

Todos os proxectos destas LATs atópanse en fase de tramitación.

#### **OUTRAS INFRAESTRUTURAS:**

- LAT 220 kV Campelo-Mesón, que será a LAT á cal se conectará a LAT de 220 kV de interconexión que partirá da SET Colectora Mesón. Esta LAT atópanse en fase de tramitación.

• Outras LATs obtidas do Visor do Plan Básico Autonómico de Galicia (dependente da Xunta de Galicia):

- LAT 220 kV C1 MES SDG 220
- LAT 220 kV C1 MES SDG 220
- LAT 220 kV C1 BEL MES 220
- LAT 220 kV C1 MES POR 220
- LAT 400 kV C2 MES2 CAR 400
- LAT 400 kV C1 MES2 CAR 400
- LAT 220 kV C1 MES VIM 220
- LAT 220 kV C1 MES VIM 220
- LAT 66 kV C1 MRN MES 66
- LAT 66 kV C1 SIG MES 66
- LAT 66 kV C1 SIG MES 66
- LAT 66 kV C1 BOA CBL 66
- LAT 220 kV C1 MEI MES 220
- LAT 220 kV C1 SBN MES 220
- LAT 220 kV C1 BEL MES 220
- LAT 220 kV C1 SBN MES 220
- LAT 66 kV C1 MES BEG 66
- LAT 400 kV C1 MES2 PGR2 400
- LAT 66 kV C1 COD SDG 66

Estariamos a falar xa dunha paisaxe cada vez máis industrial co abandono progresivo e crecente dos tradicionais mosaicos agro – forestais. O impacto paisaxístico e a fragmentación dos hábitats é inasumible desde o punto de vista do benestar das familias afectadas e a perda da biodiversidade, a fragmentación dos ecosistemas e a falla de conectividade ecolóxica é incoherente coa crise climática actual.

O estudo das sinerxías presentado polo empresa é moi deficitario xa que non se avalían o conxunto dos impactos derivados da totalidade das infraestruturas eólicas.

Por outra banda, a afección ao Camiño Inglés é irreversible.

Ao anterior hai que engadir os impactos doutras infraestruturas como:

\*Gasoduto Mugar dos-Betanzos-Abegondo-Sabón (tramos I e II) e ramal a C. C. C. de Meirama.

\*LAT 220 kV Mesón-Vimianzo

\* Ampliación da entulleira de Areosa

\*Parque empresarial

\*Dúas liñas de alta tensión que se entrecruzan entre sí.

\*apeadeiro- cargadero da CT de Meirama, e un liña de ferrocarril convencional asociado ao mesmo, tramos conectados coa liña de Ferrocarril AVE que conecta Santiago de Compostela coa Coruña.

Estradas e autoestradas:

- N-550
- AC-222
- AC-223
- AC-400
- AC-523
- AC-542
- AP-9

☞ **Prexuízos irreversibles e danos irreparables para especies clave nos ecosistemas de Mesía e Oza - Cesuras na área de afección do proxecto:**

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

Dos distintos tipos de corredores ecolóxicos que poden recoñecerse no NW Ibérico (montañosos, fluviais, litorais e mariños), son os corredores fluviais os que de forma máis efectiva favorecen o refuxio, movemento e dispersión dun gran número de especies silvestres, pertencentes a distintos grupos taxonómicos e a distintos tipos de ambientes (terrestres, semiterrestres, acuáticos), servindo ademais de conexión efectiva entre os corredores montanos e as zonas núcleo de biodiversidade, coas establecidas no espazo litoral e mariño.

O concepto de corredor fluvial vai aparelado ao propio concepto de río, que representa moito máis que unha simple masa de auga que circula por un leito. O corredor fluvial abarca o conxunto do territorio fluvial, é dicir, o río na súa canle de estiaxe, a vexetación de ribeira e o espazo que ocupan as augas durante as crecidas, xunto coa cuberta vexetal asociada.

Os corredores fluviais, ademais do seu valor ecolóxico intrínseco, cumpren dúas funcións fundamentais, como conectores ecolóxicos e como reguladores hidrolóxicos.

Respecto ao valor ecolóxico, os corredores fluviais albergan ecosistemas asociados ao río tanto acuáticos como terrestres e de interface entre ambos, configurando un espazo de elevada biodiversidade que funciona como refuxio para moitas especies vinculadas ao ámbito fluvial. Este valor ecolóxico singular vese incrementado pola función fundamental de conectores ecolóxicos entre ecosistemas acuáticos e terrestres e entre zonas de alto valor ambiental territorialmente afastadas. Esta función reviste unha especial importancia ao atoparse moi fragmentados os ecosistemas terrestres por infraestruturas e diversos usos do chan. Neste contexto, os corredores fluviais representan os conectores máis válidos, ou polo menos os máis funcionais, para interconectar poboacións de seres vivos que doutra maneira quedarían illadas.

Finalmente, no seu papel de reguladores hidrolóxicos actúan como laminadores do caudal e das cargas de sedimento que arrastra o río en períodos de crecida, disipando parte da súa enerxía, reducindo os danos asociados e recargando os acuíferos. Desta maneira, o río transporta tanto sedimentos ata as praias como nutrientes aos estuarios e augas costeiras, cos consecuentes beneficios ecolóxicos e económicos asociados.

**Afección moi severa e prexuízos irreparables para a Rede Natura 2000 e a súa coherencia. Falla de conectividade ecolóxica entre os ecosistemas. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da propia Rede.**

#### 1. ZEC “Encoro de Abegondo - Cecebre”

#### 2. ZEC “Betanzos - Mandeo”

#### 3. ZEC “Río Tambre”

#### 4. ZEPA “Costa da Morte Norte”

#### 5. ENIL “Río Abelleira”.

*ORDE do 14 de febreiro de 2017 pola que se declara, de xeito provisional, como espazo natural de interese local o espazo Río Abelleira, no concello de Carral.*

O río Abelleira nace no monte San Bartolomeu, ao surleste do concello de Carral, e desemboca no río Barcés, entre os núcleos de Chamoso e Xocín, ao noroeste do seu nacemento.

O ámbito linda en varios puntos co ENIL Ribeiras do Mero-Barcés, no concello de Abegondo.

Así mesmo, linda coa ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre (ES1110004), que forma parte da Rede Natura, e que conta cun Plan Director aprobado polo Decreto 37/2014 de 27 de marzo.

#### 6. ENIL “Ribeiras do Mero - Barcés”

Este novo espazo protexido no territorio da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, é un espazo lindeiro e contíguo ao ZEC Encoro de Abegondo-Cecebre (É 1110004), un espazo natural protexido que forma parte da Rede Natura 2000 que conta cun PORN aprobado (Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación os lugares de importancia comunitaria de Galicia e apróbase o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia).

#### 7. IBA “Costa da Morte Norte”

#### 8. Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”

Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo

Data de declaración

28 de maio de 2013.

Superficie

116.724,3 ha.

#### Concellos

Abegondo, Aranga, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Coirós, Culleredo, Curtis, Irixoa, Miño, Oleiros, Oza - Cesuras, Paderne, Sada e Sobrado.

#### Situación

Nas comarcas de A Coruña e Betanzos da provincia de A Coruña.

#### Outras figuras de protección

Zonas Especiais de Conservación (ZEC) “Encoro de Abegondo-Cecebre”, ZEC ES1110004, de 529 ha., “Costa da Morte”, ZEC ES1110005, de 11.809 ha., “Betanzos-Mandeo”, ZEC ES1110007, de 1.020 ha. e “Costa de Dexo”, ZEC ES1110010, de 347 ha. Monumento Natural “Costa de Dexo” de 267 ha.

Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais) “Encoro de Abegondo-Cecebre” de 493 ha., “Costa da Morte” de 11.809 ha., “Betanzos-Mandeo” de 1.020 ha. e “Costa de Dexo” de 347 ha.

### **Río Tambre**

#### **Código ZEC**

ES1110016

#### **Región**

Atlántica.

#### **Fecha declaración LIC**

29 de diciembre de 2004. Decisión de la Comisión de 7 de diciembre de 2004, por la que se aprueba la lista de lugares de importancia comunitaria de la región biogeográfica atlántica.

#### **Fecha declaración ZEC**

31 de marzo de 2014. Decreto 37/2014, de 27 de marzo de 2004, por el que se declaran zonas especiales de conservación los lugares de importancia comunitaria de Galicia y se aprueba el Plan director de la Red Natura 2000 de Galicia.

#### **Instrumentos de planificación**

Plan director de la Red Natura 2000. Decreto 37/2014

#### **Ayuntamientos**

Tordoia, Ordes, Mesía, Trazo, Oroso, Frades, Santiago de Compostela, O Pino.

#### **Superficie**

583 ha.

#### **Situación**

Cuenca media del río Tambre, entre las comarcas de Ordes y Santiago, en la zona central de la provincia de A Coruña.

Localidades de referencia: Ordes, Sigüeiro y Frades.

#### **Otras figuras de protección**

- Zona de Especial Protección de los Valores Naturales “Río Tambre”, de 583 ha

#### **Tipos de hábitats del Anexo I de la Directiva 92/43/CEE**

Código	Denominación
3260	Ríos de pisos de planicie a montano con vegetación de <i>Ranunculion fluitantis</i> y de <i>Callitriche-Batrachion</i>
3270	Ríos de orillas fangosas con vegetación de <i>Chenopodion rubri</i> p.p. y de <i>Bidention</i> p.p.
4030	Brezales secos europeos
6220 B	Zonas subestépicas de gramíneas y anuales del <i>Thero-Brachypodietea</i>
6410	Prados con molinias sobre sustratos calcáreos, turbosos o arcillo-limónicos ( <i>Molinion caeruleae</i> )
6430	Megaforbios eutrofos higrófilos de las orlas de llanura y de los pisos montano a alpino
6510	Prados pobres de siega de baja altitud ( <i>Alopecurus pratensis</i> , <i>Sanguisorba officinalis</i> )

8220	Pendientes rocosas silíceas con vegetación casmofítica
8230	Roquedos silíceos con vegetación pionera del <i>Sedo-Scleranthion</i> o del <i>Sedo albi-Veronicion dillenii</i>
91E03	Bosques aluviales de <i>Alnus glutinosa</i> y <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> )
9230	Robledales galaico-portugueses con <i>Quercus robur</i> y <i>Quercus pyrenaica</i>

#### Especies del Anexo II de la Directiva 92/43/CEE

Flora	Invertebrados	Peces
<i>Narcissus cyclamineus</i>	<i>Coenagrion mercuriale</i>	<i>Chondrostoma polylepis</i>
<i>Narcissus pseudonarcissus</i> ssp. <i>Nobilis</i>	<i>Elona quimperiana</i>	<i>Rutilus arcasii</i>
	<i>Geomalacus maculosus</i>	
	<i>Lucanus cervus</i>	
	<i>Macromia splendens</i>	
	<i>Margaritifera margaritifera</i>	
	<i>Oxygastra curtisii</i>	

Anfibios/Reptiles	Mamíferos
<i>Chioglossa lusitanica</i>	<i>Galemys pyrenaicus</i>
<i>Discoglossus galganoi</i>	<i>Lutra lutra</i>
<i>Lacerta schreiberi</i>	<i>Myotis bechsteinii</i>
	<i>Rhinolophus ferrumequinum</i>
	<i>Rhinolophus hipposideros</i>

#### A NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA 2000

O obxectivo das redes de áreas naturais protexidas de non debe ser tan só preservar especies raras ou ameazadas, ou mostras representativas ou singulares de ecosistemas pouco alterados, senón preservar a integridade ecolóxica dos ecosistemas, o que supón garantir que a súa composición de especies, a súa estrutura ecolóxica e as súas funcións non se vexan alteradas significativamente como consecuencia das actividades humanas e asegurar que os procesos ecolóxicos dos que depende mantéñanse en condicións naturais.

Unha rede ecolóxica é un sistema coherente de elementos naturais ou semi-naturais, establecido e xestionado co obxectivo de manter ou restaurar as funcións ecolóxicas como medio para conservar a biodiversidade. Para iso, é esencial manter tamén a conectividade ecolóxica entre os espazos que compoñen a rede

No ámbito nacional, o artigo 46 da Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece que co fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, as comunidades autónomas, no marco das súas políticas ambientais e de ordenación territorial, fomentarán a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

A Lei 5/2019, de 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia no artigo 87.1 desta lei, manifesta o seguinte:

*“Para mejorar la coherencia y la conectividad ecológica del territorio, la Administración autonómica fomentará en su planificación ambiental la conservación de corredores ecológicos y la gestión de aquellos elementos del paisaje y áreas territoriales que resulten esenciales o revistan primordial importancia para la migración, la distribución geográfica y el intercambio genético entre poblaciones de especies de fauna y flora silvestres, teniendo en cuenta los impactos futuros del cambio climático.”*

## **☞ CARÁCTER SENSIBLE MEDIOAMBIENTALMENTE DA ÁREA XEOGRÁFICA DE EXECUCIÓN DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO LEGRE E DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO SOLPOR**

Resulta acreditado no procedemento a presenza de diversos cauces fluviais e humidais (brañas) na área de execución do proxecto eólico e as súas infraestruturas asociadas, que tamén son comúns a outros parques eólicos con implantación prevista no mesmo ámbito xeográfico.

A DIRECTIVA 2014/52/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente indica respecto á localización dos proxectos:

*“Debe considerarse o carácter sensible medioambientalmente das áreas xeográficas que poidan verse afectadas polos proxectos, tendo en conta, en particular:*

- a) o uso presente e aprobado da terra;*
- b) a abundancia relativa, a dispoñibilidade, a calidade e a capacidade de rexeneración dos recursos naturais da zona e o seu subsolo (incluídos o chan, a terra, a auga e a biodiversidade);*
- c) a capacidade de absorción do medio natural, con especial atención ás áreas seguintes:*
  - i) humidais, zonas ribeiregas, desembocaduras de ríos,*
  - ii) zonas costeiras e medio mariño,*
  - iii) zonas de montaña e de bosque,*
  - iv) reservas naturais e parques,*
  - v) zonas clasificadas ou protexidas pola lexislación nacional; zonas Natura 2000 designadas polos Estados membros en aplicación das Directivas 92/43/CEE e 2009/147/CE,*
  - vi) áreas nas que xa se produciu un incumprimento das normas de calidade ambiental establecidas na lexislación da Unión e pertinentes para o proxecto, ou nas que se considere que se produciu tal incumprimento,*
  - vii) áreas de gran densidade demográfica,*
  - viii) paisaxes e lugares con significación histórica, cultural e/ou arqueolóxica”.*

Considérase que un proxecto ten incidencia nunha zona ambientalmente sensible cando se dá algunha das seguintes condicións:

Que poida afectar os espazos pertencentes á Rede Natura 2000, sen ter relación directa coa xestión ou conservación do lugar ou sen ser necesario para a mesma.

No presente caso non se está a ter en conta a sensibilidade ambiental do territorio xeográfico no que se prevé a execución do proxecto eólico nin se determina o grao de sensibilidade e de resiliencia do territorio para acoller o proxecto, tendo en conta a presenza xa doutros parques na contorna e a importancia dos recursos hídricos e humidais afectados.

Existe unha afección severa ao conxunto de cauces da área e afección do proxecto con impactos sobre brañas, humidais, fontes e nascencias de cauces. Existe unha importante rede fluvial afectada polo proxecto eólico e parte da súa infraestrutura de evacuación, afección severa e irreversible obviada pola mercantil promotora:

A Directiva 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, insta os estados membros da UE para fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de ligazón (como os estanques ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.

Na lexislación española, a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. BOE 299, 14/12/2007 (Modificada pola Lei 33/2015. BOE 227, 22/11/2015) define corredor ecolóxico como: “o territorio, de extensión e configuración variables, que, debido á súa disposición e ao seu estado de conservación, conecta funcionalmente espazos naturais de singular relevancia para a flora ou a fauna silvestres, separados entre si, permitindo, entre outros procesos ecolóxicos, o intercambio xenético entre poboacións de especies silvestres ou a migración de espécimes desas especies” (Lei 42/2007. Art. 3).

A preservación da conectividade e a integridade ecolóxica da rede de espazos naturais constitúe un requisito legal imposto polos Directiva Hábitats e pola propia Lei 42/2007. Considerando en ambos os casos a importancia dos corredores ecolóxicos como elementos de unión entre os espazos de alto valor ambiental, as consideradas como zonas núcleo de biodiversidade, representados estes últimos polas áreas protexidas, así como polas áreas que, sen ser designadas legalmente baixo unha figura de protección, manteñen unha elevada biodiversidade.

**Non se avalía de maneira obxectiva a alternativa 0 en relación a tódolos aspectos ambientais e sociais.**

No apartado b do artigo 35 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental determinase que o estudo de impacto ambiental ha de incluír o seguinte:

*“Descripción de las diversas alternativas razonables estudiadas que tengan relación con el proyecto y sus características específicas, incluida la alternativa 0, o de no realización del proyecto, y una justificación de las principales razones de la solución adoptada, teniendo en cuenta los efectos del proyecto sobre el medio ambiente.”*

No Anexo VI de dita lei sinálase, así mesmo, a seguinte consideración:

*“Respecto a la alternativa 0, o de no actuación, se realizará una descripción de los aspectos pertinentes de la situación actual del medio ambiente (hipótesis de referencia), y una presentación de su evolución probable en caso de no realización del proyecto, en la medida en que los cambios naturales con respecto a la hipótesis de referencia puedan evaluarse mediante un esfuerzo razonable, de acuerdo a la disponibilidad de información medioambiental y los conocimientos científicos.”*

Deste xeito, a descrición da alternativa 0 centrase na renuncia dos efectos positivos do desenvolvemento do parque eólico, sen analizar os efectos positivos de ditas coberturas e usos do solo.

Non se fala da afección sobre a calidade de vida dos residentes da contorna das instalacións, nin do consumo de recursos ou a non emisión de residuos que se evitarían coa non execución do plan. Para este escenario, o estudo de impacto centrase no aforro de combustibles fósiles na produción enerxética, e polo tanto aforro de emisións de CO<sub>2</sub>, pero esquecese da gran importancia dos



sumidoiros de carbono forestais e agrícolas citados no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030 ou no Acordo de París.

**Afección severa e irreversible ás Áreas de Especial Interese Paisaxístico (AEIP), recollidas no artigo 9.3. da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección de paisaxe de Galicia, que son identificadas polo seu alto valor natural e cultural. Xeración de Feísmo Paisaxístico e afección severa e irreversible ao turismo e á hostalería.**

Ademais da afección paisaxística ás paisaxes ou lugares peculiares e identitarios xa mencionados o proxecto afecta a:

- ✚ AEIP Mezonzo
- ✚ AEIP Fragas do Mandeo
- ✚ AEIP Fraga das Barbudas e Val do Cambás.
- ✚ ZEC ES1110016 Río Tambre
- ✚ ZEC ES 1110007 Betanzos-Mandeo
- ✚ ENIL Ribeiras do Mero-Barcés
- ✚ ENIL Río Abelleira
- ✚ ZEC ES1110004 Embalse de Abegondo-Cecebre
- ✚ Camiño de Santiago – Camiño de Inverno

Ao anterior hai que engadir a afección paisaxística das infraestruturas do proxecto do parque eólico Solpor que afectaría tamen a:

- ✚ AEIP Ribeira dá Pena.
- ✚ AEIP Monte do Xalo. Destaca polos valores panorámicos que albergan o Miradoiro Monte Xalo e o roteiro de sendeirismo “PR- G Meirama- Xalo-Meirama”.
- ✚ AEIP Fervenza de San Paio.

O impacto paisaxístico de ambos os dous proxectos, o parque eólico Legre e o parque eólico Solpor, tamen se produce en:

- |  |                                      |
|--|--------------------------------------|
| ✚ Castro de Xanceda e o seu tesouro                                | ✚ Pazo de Recelle                    |
| ✚ Castelo de Mesía   | ✚ Pazo de Lago                       |
| ✚ Aula de natureza Brañas de Valga                                 | ✚ Casa do Coronel                    |
| ✚ Muíño da Ribeira, muíño de Queiroa, muíño do Batán e o da Cubela | ✚ Casa da Vila                       |
| ✚ Capela de San Lourenzo de Bruma                                  | ✚ Casa Grande de Xanceda             |
| ✚ Capela de San Cidre  | ✚ Castro de Boado                    |
| ✚ Capela de Arxán  | ✚ Fonte da Veiga                     |
| ✚ Capela e fonte de San Antón                                      | ✚ Eco-Museo da Égoa-Muíños de Batán. |
|  | ✚ Capela de San Gregorio             |

**Afección severa e irreversible a Roteiros:**

- ✚ PR-G 117 Ruta da Fraga aos Muíños

A Ruta da fraga aos muíños está identificada a nivel autonómico como PR-G 117. O inicio desta ruta sitúase no lugar dos Ricos (Visantofña) e o remate na Ponte Carballa (Olas). Ten unha lonxitude total de 13.450 metros e un desnivel neto de 98 metros, xa que parte dos arredor de 400 metros sobre o nivel do mar e remata en pouco máis de 300. Esta ruta está considerada de nivel de dificultade baixo. O tempo estimado para completala é de arredor de 3,5 h.aínda que sempre depende do ritmo e paradas que fagan os camiñantes. Ao longo desta ruta podemos atopar varios muíños tradicionais rehabilitados total ou parcialmente: muíño

da Ribeira, muíño de Queiroa, muíño do Batán e o da Cubela. Preto deles atoparemos distintos paneis informativos dos elementos arquitectónicos destes muíños e do seu valor patrimonial e etnográfico. Outro dos seus grandes atractivos son as paisaxes agrarias e forestais propias da zona, con proliferación de especies de flora e fauna autóctonas. Destaca ademais que unha boa parte do seu trazado percorre sendas e camiños antigos. Percorrido da ruta A ruta comeza na parroquia de Visantoña, no lugar dos Ricos. Discorre polo camiño antigo da Fraga, intémase na Chousa de Fóra, O Coto, a Chousa do Abellón, Roxos do Medio, O Petón e Roxos de Abaixo, ata chegar á parte do Torreiro. A partir de aí diríxese aos Campos da Piña e ás Ganzas, aproximándose ao Alto das Pías e descendendo logo cara ao Tello. Nesta zona 18 atópase o primeiro dos catro muíños enmarcados na ruta, o da Ribeira. O traxecto avanza despois pola Redonda e As Chousas. Neste punto, a ruta abandona Visantoña e entra xa na parroquia de Olas. Por pistas forestais, pasa preto da aldea de Queiroa, descende polo Novío e vai ata o muíño de Queiroa. Movido tamén pola auga do río Traveso, non moi lonxe atópase o emblemático muíño do Batán, situado no fondo dunha valgada coroada polo Castro de Olas, á súa vez próximo á aldea de Soutelo. O traxecto segue parelo ao río para chegar ao cuarto muíño do percorrido, o da Cubela, e logo emprende o camiño cara ás aldeas da Carballa e de Leborís para proseguir de seguido no derradeiro treito ata a área recreativa da Ponte Carballa, a carón do río Samo, onde remata a andaina.

PR-G 101 Roteiro Mariñán Costa da Égoa.

Roteiro de San Paio

Roteiro do río Mercurín

Ruta pola contorna do Castelo de Mesía

Ruta das Brañas de Valga






Ruta do Castro de Xanceda ou do Tesouro de Xanceda






Ruta polos Muíños do Río Abelleira en Carral

### Ruta Xacobeá: o camiño inglés a Santiago

Debemos destacar o paso do Camiño Inglés, ruta que saía da Coruña con dirección a Compostela, por unha das parroquias de Mesía. Esta ruta adquiriu importancia na etapa baixo-medieval (a partir dos séculos XIII-XIV), sobre todo nas peregrinaxes á cidade do Apóstolo. Esta vía conflúe cun dos antigos camiños de Betanzos na parroquia de Bruma, que ten a particularidade de ser un enclave de Mesía rodeado por territorio do concello de Ordes. É dicir, está fisicamente separada do resto do termo municipal. Neste lugar existe unha poboación chamada “Hospital” que indica a existencia dun antigo hospital de peregrinos xa no século XII, tal e como se documenta na inscrición dun tomo da catedral de Santiago onde se fai constar unha doación de “IPSIUS HOSPITALIS DE GRUMA” en 1175. Na actualidade este ‘hospital’ é usado como albergue de peregrinos. Conta cunha capacidade de 20 prazas, cociña-comedor, sala e aparcadoiro de bicicletas. Non hai máis albergues públicos con carácter estable ata chegar a Compostel

### **Afección severa e irreversible á Rede de Miradoiros:**

-  Miradoiro do Monte Medela
-  Miradoiro de Enxameado
-  Montes de San Niolau
-  Monte Xalo
-  Mina de Meirama

-  Mirador de Bandoxa
-  Mirador de Rodeiro
-  Mirador Montes de San Nicolau
-  Mirador de Enxameado
-  Mirador A Espenuca

**Aos impactos do proxecto do parque eólico Legre hai que engadir os impactos do proxecto do parque eólico Legre. Neste último a mercantil promotora obvia o Mirador do Alto da Revolta á beira practicamente dos aeroxeradores e a 406 metros de altura.**

### **Afección significativa e prexuízos irreversibles para a Reserva da Biosfera:**

O proxecto afectaría a Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Madeo”.

A LAT 132 kV PE Gasalla-SET Colectora Mesón atravesa, no seu tramo aéreo medio-final, a partir do apoio nº 23 ata o seu final no apoio nº 33, a Reserva da Biosfera “MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO”. Tamén a parte inicial do tramo subterráneo da LAT atravesao. De igual modo, a LAT 132 kV de evacuación do PE Legre sitúa os apoios 4 e 5, e o tramo de liña entre os apoios 3 e 4 e entre o 4 e 5, dentro de leste mesmo espazo protexido. As zonas nas que estes tramos de LATs discorren por este espazo protexido, fano na súa práctica totalidade a través de Zona de Transición. A traza da LAT 132 kV PE Gasalla-SET Colectora Mesón atravesa un pequeno tramo duns 190 metros en Zona Tampón, que se corresponde co ámbito do Río Traveso, contorna ao apoio nº 23.

O proxecto do parque eólico Legre afecta de forma severa e este espazo.

O parque eólico Legre contempla a instalación de 7 aerogeneradores e a subestación no extremo da delimitación do ámbito da Reserva da Biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”.

☞ **Afección severa e irreversible aos Espazos Naturais de Interese Local (ENIL). Quebra da conectividade ecolóxica, fragmentación de hábitats e perda de biodiversidade. A maior abundamento hai que ter en conta o incremento do feísmo paisaxístico que a acumulación de infraestruturas industriais produce ao redor destes espazos de alto valor ecolóxico:**

✚ **ENIL Río Abelleira e o ENIL Ribeiras do Mero-Barcés. Estes espazos naturais de interese local tamen resultan afectados polo proxecto do parque eólico Solpor.**

- “Río Abelleira”, predo do aerogenerador EN-04 e do aerogenerador EN-02.

- “Ribeiras do Mero - Barcés”, preto do aerogenerador EN-02 e preto de varios viais propostos pola mercantil promotora.

☞ **Afección significativa e irreversible para o Camiño de Santiago\_ Camiño Inglés. Afección severa e irreversible para as paisaxes que rodean á vía cultural histórica. Descontextualización irreversible e danos para a hostalería e o turismo.**

Non avaliado pola mercantil promotora.

☞ **Afección severa a áreas recreativas:**

✚ Área recreativa das Brañas de Valga

✚ Área recreativa de Ponte Carballa. Esta área recreativa é tamén o punto de finalización da ruta de sendeirismo PRG-117, da Fraga aos Muíños.

✚ Área recreativa de Mata

☞ **Prexuízos significativos e incompatibles para a especie en perigo de extinción Escribenta das Canaveiras:**

A Xunta de Galicia, tras darse a si mesma un prazo de 6 anos para facelo (desde o 2013), non chegou a determinar os perímetros de protección dos humedais que constitúen o hábitat potencial desta especie en perigo de extinción. A cuestión non é baladí porque hai unha mancha de parques eólicos ou incluso complexos eólicos ou plans industriais de desenvolvemento eólico como é este caso, que afectan a esta especie con charcas, brañas e humedais cuxo perímetro están sen determinar, como é o presente caso, e a saber cal é a área comprendida no ámbito do Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta, da que unicamente aparece nunha representación gráfica e fica por tanto o seu perímetro de zonificación ás expensas das avaliacións que realicen as mercantís promotoras eólicas como é este caso. Por outra banda o artigo 4 do Decreto que aproba o plan de recuperación da especie, referido a súa revisión indica que: "2. Co fin de adaptar o plan aos novos condicionantes existentes para a conservación da subespecie, avaliaranse os seus resultados cada 6 anos, e modificarase no caso de que se requira o reaxuste das medidas de recuperación", non existindo constancia desta avaliación tras o transcurso do período indicado. O referido plan tamén indica na súa exposición de motivos que: "A aprobación deste plan executivo vincula tanto os particulares como as administracións competentes, que deben cumprir as directrices e actuacións contidas neste decreto". "Debido ao declive poboacional estimado e

ao reducido tamaño da poboación actual, a subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras aparece recollida no anexo I do Decreto 88/2007 na categoría «en perigo de extinción». Esta categoría está reservada para aquelas especies cuxa supervivencia é pouco probable se os factores causantes da súa actual situación seguen actuando. “A catalogación dunha especie como en perigo de extinción implica a elaboración dun plan de recuperación cuxo fin é garantir a conservación da especie que vive en estado silvestre no territorio da Comunidade Autónoma, dos seus hábitats e establecer medidas adecuadas que permitan preservar, manter e restablecer as súas poboacións naturais facéndooas viables”. O proxecto eólico constitúe un risco para a especie. O artigo 3 do Decreto 75/2013, do 10 de maio, polo que se aproba o Plan de recuperación da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* L.subsp. lusitánica Steinbacher) en Galicia indica: “A finalidade do plan de recuperación, de acordo cos antecedentes e razóns que se expoñen no anexo I, é a de inverter a tendencia demográfica regresiva da subespecie lusitánica da escribenta das canaveiras en Galicia ata que se limite de xeito significativo o seu risco de extinción nun horizonte temporal de 20 anos, se acade a recuperación das localidades de reprodución coñecidas que se perderon e unha poboación reproductora superior a 112 parellas”. Sen embargo, este obxectivo de recuperación previsto no Decreto do ano 2013 queda moi lonxe da realidade e a situación da especie é de especial gravidade. No Censo de Escribenta das canaveiras *Emberiza schoeniclus* lusitanica en Galicia 2018, indícase a priori, que a escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*) debería empezar adar sinais de recuperación en Galicia. A pesar da súa vulnerable situación, é unha das escasísimas especies ameazadas que conta cun plan de recuperación aprobado pola Xunta. Mais os resultados dun novo censo volven advertir da necesidade de medidas efectivas. “Segundo os datos dispoñibles, quedarían unhas 20 parellas reproductoras en Galicia fronte ás case 70 censadas en 2005, o que supón unha redución de arredor do 70% en tan só 13 anos”, advirte o traballo, realizado por Emilio Martínez Sabarís, Xabier Prieto Espiñeira, José Ramón Castro Gómez, José Luis Rabuñal Patiño, Cosme Damián Romay Cousido, Álvaro Rodríguez Pomares e Francisco Rosende Maneiro.

☞ **Afección moi severa e prexuízos significativos para os recursos hídricos. Vulneración flagrante da Directiva Marco dá Auga (DMA). AUSENCIA DUN ESTUDO HIDROLÓXICO E HIDROXEOLÓXICO QUE GARANTA A CALIDADE DAS MASAS DE AUGA SUPERFICIAIS E SOTERRADAS E A NON AFECCIÓN AOS ACUÍFEROS:**

A maior parte das infraestruturas das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO asentaránse sobre a conca do río Tambre, e tan só o tramo Norte da LAT de evacuación do PE Legre sitúase nunha conca hidrográfica diferente, a do río Mero. En canto aos parques eólicos a maior parte das infraestruturas asentaránse sobre a conca do río Tambre, e só as zonas Norte do PE Legre, do PE Monte San Bartolomé e do PE Meirama, así como 1 aeroxerador do PE Encrobas asentaránse sobre a conca do río Mero. Con todo, aínda que a maior parte das infraestruturas asentaránse sobre a conca do río Tambre, son numerosas as subcuencas deste río sobre as que asentarán estas infraestruturas: Cabalar, dous Muíños, As Gándaras, Samo, Maruzo, Traveso e Mero.

En canto ás zonas nas que coinciden infraestruturas das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO co resto de proxectos, a distribución de infraestruturas por concas é a seguinte:

- Na subcuenca do río Cabalar, localízanse 6 apoios das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO e 4 aeroxeradores de parque eólico (PE Alto das Borrallas e PE Abrente)
- Na subcuenca do río dous Muíños, localízanse 10 apoios das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO e 4 aeroxeradores de parque eólico (PE Abrente)
- Na subcuenca do río Samo, localízanse 39 apoios das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO e 5 aeroxeradores de parque eólico (PE Gasalla)
- Na subcuenca do río Maruzo, localízanse 13 apoios das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO e 2 aeroxeradores de parque eólico (PE Gasalla)
- Na subcuenca do río Traveso, localízanse 33 apoios das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO e 6 aeroxeradores de parque eólico (PE Monte San Bartolomé e PE Solpor), así como un pequeno tramo da LAT Campelo-Mesón.
- Na subcuenca do río Mero, localízanse 6 apoios das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO e 4 aeroxeradores de parque eólico (PE Legre).

- Na subcuenca do río das Gándaras, localízanse 6 apoios das LATs do NÓ MESÓN DO VENTO.
- Na conca do río Samo coincidirían 39 dos apoios e os seus accesos coas obras de 5 dos aeroxeradores (do PE Gasalla).

O proxecto do parque eólico Legre afecta ao río Samo, ao seu val fluvial e aos afluentes que tributan no mesmo como o río da Tarroeira, o Barranco de Portoboi, o Barranco dos Inferniños.

Tamen afecta ao río Mero, ao seu val fluvial e aos afluentes que tributan neste como o Barranco do Fondo do Prado e o Barranco de Soutullo.

Existe afección a outros cauces como río da Caova, o Barranco do Castelo, a rega da Fonte, o rego da Calzada, o Barranco da Barqueira, ao Barranco do Molar, ao Barranco do Lodeiro, ao Barranco da Xestosa e ao río Maruzo.

A isto hai que engadir os impactos previstos no proxecto do parque eólico Legre:

A mercantil promotora obvia as captacións de auga para o uso humano e agrogandeiro e a multitude de manancias e fontes que hai na poligonal do parque eólico e no traxecto da liña de evacuación (obxecto doutros proxectos independentes e non obxecto de avaliación ambiental conxunta). A área de implantación do parque eólico atópase comprendida dentro da masa de auga subterránea ES014 MSBT014-007 – Tambre. Sen embargo, a mercantil promotora non realiza un estudo hidrolóxico serio e rigoroso que permita establecer os niveis de caudal dos distintos cauces nin a calidade destes, sobre todo os regos innominados máis afectados polas infraestruturas.

Existe unha afección severa ao conxunto de cauces da área e afección do proxecto con impactos sobre brañas, humidais, fontes e nascencias de cauces. Existe unha importante rede fluvial afectada polo proxecto eólico e parte da súa infraestrutura de evacuación, afección severa e irreversible obviada pola mercantil promotora:

Na paraxe de Entre Regos nace o rego de Illó. No seu devir atravesa a Braña, as Coviñas, configura os Regueiros e tributa no río Samo, na paraxe do Gandarón.

No Alto da Revolta nace o río Buxán, tributario do rego Castrexo. O rego Castrexo recolle as augas de alomenos tres cauces innominados que nacen nos Montes da Cruz da Queiroa e regan as Brañas do Folgar. A Fonte é a orixe doutro manancial que rega as Brañas das Camposas. No Coto Redondo nace o río das Penedas. O rego do Cabo nace na paraxe das Chousas. O rego de Adrán nace no Cotón de Xermade e nel tributa o rego das Rexas. O rego dos Outeiros tributa no rego de Adrán. Nos Montes da Cruz da Queiroa tamén nace o río de Cerdeiros.

O río Buxán atravesa a Braña Ancha. O río Castrexo atravesa as Brañas das Gandariñas e da Fontaiña.

O río das Penedas nace na paraxe das Cavadas de Arriba e atravesa as Brañas das Cavadas, á beira do Queiroal e as Brañas das Ínsuas.

O rego do Cabo nace Arriba da Carreira, atravesa a Fonte Ovella e o Brañón, as Brañas de Pumariño, o Porto de Barragoi, a Fraga do Monte, a Bouciña, os Muíños Vello, o Prado da Torre, o Porto e ata tributar no río Cabrón.

O río Cabrón nace na paraxe da Fonte, no lugar das Salgueiras, en Ordes. Atravesa as Brañas de Bouza Fonte e o Muíño Castaño. Nestas Brañas recolle as augas de dous regos innominados; un que nace na paraxe de Carballo e outro que nace no Monte das Patas, no lugar de Cerdeira. Continua o río polas Medorras, Os Castros e a Fraga do Muíño. Nesta paraxe volve a recoller as augas de dous regos innominados, una que nace na paraxe da Xesteira e outro que nace no monte das Bouzas. A continuación dicorre polo Gonzón, A Cova, o Coto do Muíño, os Prados do Muíño. Nesta paraxe recolle as augas doutro rego innominado que nace na paraxe da Fraga. Continua polo paraxe dos Pichos e recolle as augas do rego do Covelo, nos prados de Baltar. Nas brañas do Brañón recolle as augas do rego de Portomanteiga, que atravesa o núcleo de Porto, O Castro da Croa e a Braña do Carregal. Continua o río Carbón polo Castexón, as Brañas Redondas, as Brañas Longas, a Chousa do Muíño e nas Brañas das Pombas recolle as augas do río Pequeno, ao seu paso pola Ponte Pequena.

Ao seu paso polo lugar de Trabes, o río Carbón recolle as augas do rego do Calvo, atravesa o Brañón, o Paso, a Chousa do Muíño e na Braña Vella recorre as augas dun rego innominado que nace na paraxe do Ceidón, atravesa a Lavandeira e o Carballo Louro ata o río Carbón.

Continúa o devir do río Carbón a través da Braña de Alonso, a Chousa da Fonte, a Chousa da Riveira. Na Chousa da Ponte recolle as augas do rego da Fraga. Logo atravesa as Brañas e o Abeneiral, a Lagoa, o Portonovo, a Sobraña, As Lagoas e as Brañas das Pías ata desembocar no río Lengüelle, na paraxe chamada Xunta dos Ríos e o Porto do Fondo.

A mercantil promotora non avalía a densa rede fluvial que existe na área de afección do proxecto toda ela vencellada a fontes, brañas, humidais, lagoas...etc., que manteñen unha excelente conectividade ecolóxica e unha función ecosistémica fundamental para o mantemento da biodiversidade.

A mercantil promotora non avalía a calidade das masas de auga afectadas polo proxecto. Non existe estudo algún sobre a importancia dos ríos, regatos e a conectividade ecosistémica dos corredores fluviais da área de afección do proxecto. Non se miden os caudais dos cauces afectados e non se garante a integridade dos acuíferos e das masas de auga soterradas. Tamén se obvia a calidade destas.

– O vial de acceso ao aeroxerador SOL-04 cruza o río de Cerdeiros, tributario do río Traveso. – 146 m do vial de acceso ao aeroxerador SOL-05 sitúase sobre a zona de policía dun arroio sen nome, tributario do río Buxán.

– 138 m do vial de acceso ao aeroxeradores SOL-02 e SOL-01 sitúase sobre a zona de policía dun arroio sen nome, tributario do rego Castrexo.

– Parte da plataforma de montaxe do aeroxerador SOL-1 sitúase sobre a zona de policía do rego Castrexo.

– O camiño de acceso ao apoio 6 da liña de evacuación PE Solpor cruza sobre o río Través. Os últimos 177 m do tramo da liña de evacuación transcorre sobre a zona de policía do Río Traveso.

Indica a mercantil promotora que:

– *As distancias existentes entre os cursos fluviais cartografados e as infraestruturas de nova construción máis próximas na zona estudada son:*

♣ *En torno os 107 m ao sur do aeroxerador SOL-01 localízase o Rego Castrexo.*

♣ *O aeroxerador SOL-02 sitúase entre o Rego Castrexo a unha distancia en torno os 137 m ao oeste, e un arroio sen nome tributario do mencionado rego, distando en torno os 142 m ao leste.*


♣ *En torno os 213 m ao suroeste do aeroxerador SOL-03 sitúase un arroio sen nome tributario do rego Castrexo.*


♣ *En torno os 190 m ao nordés do aeroxerador SOL-04 pasa un arroio sen nome tributario do Río Traveso.*


♣ *En torno os 215 m ao sur do aeroxerador SOL-05 localízase un arroio sen nome tributario do Río Buxán.*


Na praxe a afección aos recursos hídricos son máis que evidentes, porque as infraestruturas afectan de forma irreversible aos leitos, ás súas nascencias, ás brañas e humidais nos que se asentán...etc.

#### **Afección severa e prexuízos irreversibles para o sistema de brañas e humidais da zona de afección do proxecto:**

 Encoro de Pumariño

 Encoro de Vilasenín

 Encoro de Vilagudín

 Veigas do Peñasco

 Pardiñas

 A Braña

 A Braña

 A Revolta

 A Baiuca

 A Fontegamba

 Maruzo

 As Capelas

 Os Salgueiros

 Os Liñares

Ao anterior hai que engadir a afección prevista polo proxecto do parque eólico Legre como:

- ✚ Lago Meirama ou Lagoa de Cerceda
- ✚ Encoro de Vilasenín ou San Cosmade (1110121)
- ✚ Encoro de Vilagudín (1110124)
- ✚ Encoro de Pumariño (1110122)
- ✚ Veigas do Peñasco (1110021)
- ✚ Cova de Foucellas (1110307)
- ✚ Brañas de Valga, parroquia de Visantóña (Mesía)

Pero ademais existen outros moitos humidais e brañas afectados directamente polas infraestruturas do proxecto e que a mercantil obvia como:

- |                         |                         |
|-------------------------|-------------------------|
| ✚ A Braña               | ✚ Brañas as Cavadas     |
| ✚ Brañas do Folgar      | ✚ Brañas de Pumariño    |
| ✚ Brañas das Camposas   | ✚ Brañas do Carregal    |
| ✚ Brañón                | ✚ Brañas Longas         |
| ✚ Braña Vella           | ✚ Brañas Redondas       |
| ✚ A Lagoa               | ✚ Braña Ancha           |
| ✚ As Lagoas             | ✚ Brañas das Pombas     |
| ✚ Brañas das Pías       | ✚ Brañas das Ínsuas     |
| ✚ Brañas de Alonso      | ✚ Brañas das Gandariñas |
| ✚ Brañas de Bouza Fonte |                         |

Cómpre ter en conta que as infraestruturas afectan de forma irreversible a estes espazos. Ademais os aeroxeradores aséntanse practicamente sobre humidais, brañas e lagoas. A propia toponimia xa indica que estamos en presenza de humidais, brañas e Lagoas. A afección aos recursos hídricos é irreversible. As importantes remocións de toneladas de terra para a instalación das cimentacións e plataformas dos aeroxeradores pode romper acuíferos e afectar seriamente ás masas de auga soterradas. Os humidais son fontes de vida, xa que o 40 % das especies do mundo viven ou se reproducen nestes espazos. Tamén son fonte de auga limpa e de alimento, de feito, unha de cada sete persoas depende dos humidais para o seu sustento. Os servizos que brindan os humidais son incalculables e insubstituíbles.

Centos de hectáreas de lagoas, lagos, brañas, xunqueiras, bosques húmidos e turbeiras están en serio risco de desaparición por mor da expansión denscontrolada de eólicos en Galicia. En Galicia só hai 5 humidais protexidos ao abeiro do Decreto 110/2004, do 27 de maio. Posteriormente no ano 2008 a Xunta de Galicia aprobaba o Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia, vixente na actualidade. desde o ano 2008, data de creación do Inventario como rexistro público de consulta dos humidais, a Xunta abandonouno por completo e non se molestou en inventariar debidamente os humidais galegos incumprindo de cheo a Directiva 2000/60/CE, pola que e establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (en diante DMA).

O obxectivo ambiental da DMA é “establecer un marco para a protección das augas superficiais continentais, as augas de transición, as augas costeiras e as augas subterráneas que preveña todo deterioración adicional e protexa e mellore o estado dos ecosistemas acuáticos e, con respecto ás súas necesidades de auga, dos ecosistemas terrestres e humidais directamente dependentes dos ecosistemas acuáticos”.

A inscrición dun humidal no Inventario de humidais de Galicia deixará constancia, como mínimo da súa dentificación, denominación e descrición, codificación e denominación do humidal, descrición xeral do humidal, tipoloxía, localización e superficie, localización xeográfica, administrativa e hidrolóxica, superficie do humidal, hábitats, vexetación e flora, fauna, réxime de protección, plans e medidas de conservación, estado de conservación e cartografía.

Ao non delimitarse debidamente os humidais do Inventario dificilmente se poden identificar, controlar e moito menos cumprir cos obxectivos de calidade destas masas de auga que esixe a DMA e por tanto, xa non habería ningún obxectivo ambiental que cumprir, abandonando a súa sorte estes espazos que prestan grandes e valiosos servizos ecosistémicos.



O desleixo da Xunta de Galicia con respecto aos humidais e de tal envergadura que na praxe a cidadanía ten que pasar polo que indican as empresas nos proxectos, sen poder constatar a veracidade do que neles se realta. As obras de construción dos parques eólicos sobre estes espazos ou con afección aos mesmos, provoca a desaparición dos valores naturais destes. A apertura de viais, as cimentacións dos muíños, as gavias de cabreado, a construción das subestacións eléctricas, as liñas de evacuación e os centros de seccionamento están a provocar a fragmentación e drenaxe destas zonas húmidas con un impacto ambiental irreversible e inasumible nunha época de crise climática como a actual.

As turbeiras son importantes sumidoiros de carbono e por tanto son cruciais para facer fronte a unha emerxencia climática que está a acelerar a perda de biodiversidade. Os humidais están a desaparecer máis rápido que ningún outro ecosistema e a implantación de parques eólicos non seu ámbito xeográfico non é a solución adecuada para contribuír ao cambio climático. Existen numerosas zonas de humidais, xuncais, brañas e lagoas e directamente afectadas polos aeroxeradores. En consoancia co artigo 21 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo á consideración do cambio climático na planificación e xestión territorial e urbanística, así como nas intervencións no medio urbano, na edificación e nas infraestruturas do transporte, os humidais, as brañas e as lagoas, ao igual que as nascencias dos ríos deberan ser consideradas zonas de sensibilidade e exclusión de infraestruturas eólicas, pola súa importancia para a biodiversidade, conectividade e provisión de servizos ecosistémicos.

### ☞ **Os ríos de Mesía na Rede Natura 2000**

O curso fluvial máis importante con respecto ao seu caudal é o río Tambre, que pasa polas parroquias de Castro e Boado. Os máis importantes en canto a tramos percorridos no concello son o Samo e o Maruzo que son afluentes do anterior.

Parte das ribeiras do río Traveso, do Samo e do Tambre ao seu paso polo concello de Mesía están incluídas dentro da Zona Especial de Conservación (ZEC) Río Tambre, que forma parte da Rede Natura 2000, unha rede europea para protexer o noso patrimonio natural. Este espazo acolle algunhas formacións densas e ben conservadas do bosque de ribeira galaico-portugués onde domina o ameneiro, que é acompañado polo salgueiro e o freixo. Nalgunhas zonas este bosque mestúrase e dá paso a pequenas carballeiras, que se sitúan algo máis elevadas, constituídas por carballos, sanguíños e acivros, entre outras árbores. Baixo as augas correntes moderadamente profundas numerosas plantas como as espigas de auga, a herba lameira e o pé de boi forman pradarias somerxidas que constitúen un dos hábitats característicos destes ríos. As súas beiras acollen tamén o marteliños *Narcissus cyclamineus*, unha planta considerada de interese comunitaria para a conservación pola Rede Natura, que é un endemismo de Galicia e norte de Portugal e que se encontra ameazado.

Estas ribeiras acollen invertebrados ameazados en Europa e considerados como especies de interese comunitario como o caracol de Quimper, a lesma galaico-irlandesa, a vacaloura, ou a donceliña de mercurio, un cabaliño do demo que mantén neste espazo natural poboacións de grande importancia a nivel estatal. Nas súas augas encontran refuxio a troita común ou a boga do Douro, un peixe continental endémico de interese. As ribeiras húmidas acollen á píntega rabilonga, un anfibio de interese comunitario que é unha pequena xoia da nosa fauna e que só vive no noroeste da península Ibérica, ou mamíferos de gran querenza polas augas limpas como o auganeiro ou a lontra, ambos tamén de interese comunitaria. Aves como o picapeixe, o merlo rieiro, a lavandeira real, o lavanco e a garza real encontran refuxio e alimento nas súas augas mentres no bosque de ribeira e nas carballeiras rebolen pequenos paxaros como papuxas, picafollas, ferreiriños,....

### ➤ **A NECESARIA CONECTIVIDADE ECOLÓXICA**

**A Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia establece no seu artigo 87 relativo á Coherencia e conectividade ecolóxica que:**

*1. Para mellorar a coherencia e a conectividade ecolóxica do territorio, a Administración autonómica fomentará na súa planificación ambiental a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resulten esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres, tendo en conta os impactos futuros do cambio climático.*



2. A Administración autonómica outorgará un papel prioritario aos cursos fluviais, vías pecuarias, áreas de montaña e outros elementos do territorio, lineais e continuos ou que actúan como puntos de ligazón, con independencia de que ostenten a condición de espazos naturais protexidos.

Para garantir a conectividade e os intercambios ecolóxicos dos corredores fluviais hai que protexer os terreos ribeiregos, aqueles que conectan o leito principal coa súa chaira de inundación (como os humedais: lagoas e brañas no presente caso). Os parques eólicos fragmentan os hábitats e impiden a necesaria permeabilidade e conectividade ecolóxica das especies. Non se garante a necesaria conectividade ecolóxica entre os ríos e os humedais da área de afección do proxecto nin destes entre si que actúan precisamente como puntos de ligazón para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora silvestres.

Os humedais son áreas que permanecen en condicións de inundación ou con chan saturado con auga durante períodos considerables de tempo. Aínda que este termo engloba unha ampla variedade de ecosistemas, todos os humedais comparten unha propiedade primordial: a auga é o elemento cruce que define as súas características físicas, vexetais, animais e as súas relacións.

Por outra banda a Declaración ambiental estratéxica o Plan hidrolóxico da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, revisión de terceiro ciclo (2021-2027) reconece literalmente:

***“... existen outras zonas húmidas con importancia no ciclo hidrolóxico que non figuran nos inventarios, polo que propón realizar traballos para identificalas e delimitalas coa finalidade de poder establecer medidas para protexelas”.***

A fragmentación de hábitats configúrase como unha das principais causas de perda de biodiversidade. Para facer fronte a estes procesos resulta necesario manter a conectividade ecolóxica do territorio tanto dun modo xeral como mediante elementos específicos da paisaxe.

Un dos principais servizos ecosistémicos dos humedais é a cantidade e calidade de flora e fauna, denominada diversidade biolóxica ou biodiversidade, que estes poden albergar.

A conectividade lonxitudinal vén marcada pola dirección da corrente do río desde ou seu nacemento ata a desembocadura, sendo a principal responsable das características das comunidades biolóxicas acuáticas e de ribeira.

A conectividade transversal pola súa banda, vén definida pola conexión existente entre o leito e a súa chaira de inundación, como é o caso que nos ocupa.

A conectividade fluvial é un atributo que caracteriza aos ríos en bo estado e por tanto un dos principais obxectivos a conseguir como parte das obrigacións que establece a Directiva Marco da auga (DMA). Doutra banda, o incremento da continuidade fluvial é unha das estratexias craves na adaptación ao cambio climático dos ecosistemas fluviais, de acordo con o establecido no Plan Nacional de Adaptación ao Cambio Climático (PNACC).

Máis aló da redución do tamaño dunha mancha de hábitat preexistente, esta pode quedar dividida en varios fragmentos, de forma que á redución de superficie total de hábitat súmaselle a discontinuidade do mesmo no espazo. As poboacións afectadas non só

terán menos hábitat dispoñible, senón que ademais terán que atravesar espazos transformados para moverse dun fragmento a outro.

Nunha paisaxe fragmentada o grao de illamento poboacional de cada especie afectada é diferente e particular, xa que está determinado pola distancia que existe entre os fragmentos que habita, polo tipo de hábitat artificial que separa devanditos fragmentos e pola capacidade de dispersión ou de movemento da especie en cuestión. En definitiva, unha diminución da interconexión entre os fragmentos, separados por espazos transformados polas actividades antrópicas, provoca que os parches tendan a funcionar como “illas biolóxicas” para aquelas especies faunísticas con dificultades para atravesar os devanditos espazos. A diminución da permeabilidade dos espazos transformados aos fluxos biolóxicos pode deberse ao aumento da distancia entre fragmentos, a unha máis severa transformación dos devanditos espazos ou a unha combinación de ambos.

☞ **Afección severa e irreversible ao benestar das familias que viven, residen e traballan nos núcleos rurais afectados:**

Cómpre ter en conta que a mercantil promotora só avalía as afeccións, e aínda así de maneira insuficiente, para as poboacións máis próximas e obviando o resto de núcleos que están dentro da poligonal do parque, entendendo esta como a superficie afectada por este. A altura dos aeroxeradores e a súa proximidade aos núcleos habitados implica unha particular afección sobre o benestar e a saúde das familias afectadas. Cómpre indicar tamén a presenza doutros parques eólicos na entorna, que tamén se atopan na cunca visual deste parque, coa conseguinte acumulación de afeccións. A mercantil promotora recoñece impactos significativos para os núcleos de poboación afectados polo **proxecto do parque eólico Legre como**: ruidos das voaduras puntuais durante a fase de execución do parque, contaminación acústica e electromagnética durante o funcionamento, ou efecto de “sombra” das pás, alteracións das sinais de radio e televisión... etc. Ao que hai que engadir o impacto paisaxístico co que hai que convivir o resto dá vida... **Afección moi severa a núcleos como**:

- ✚ Sobrado, a 515 m
- ✚ A Armucela, a 550 m
- ✚ Brufe, a 570 m
- ✚ Barral, a 590 m
- ✚ As Pardiñas, a 610 m
- ✚ Sesto, a 630 m
- ✚ Cova, a 650 m
- ✚ Castillo, a 680 m
- ✚ Os Peteiros, a 700 m
- ✚ Piñoi, a 800 m
- ✚ A Braña, a 815 m
- ✚ A Pedreira, a 840 m
- ✚ A Quenlla, a 850 m
- ✚ San Gregorio, a 860 m
- ✚ Azoi, a 930 m
- ✚ Os Blancos, a 1040 m
- ✚ Torres, a 1310
- ✚ Castelo, a 1320 m

Cómpre lembrar que se prevé instalar 7 aeroxeradores de 200 metros de altura, á beira das vivendas das familias, que terán que convivir cos impactos paisaxísticos, acústicos, electromagnéticos...etc., durante toda a vida útil do parque (uns 30 anos). A cuestión non é baladí polos impactos severos que se puideran producir sobre o benestar e a saúde destas familias.

A isto hai que engadir a presenza próxima do **proxecto do parque eólico Solpor** que afecta a núcleos como:

- ✚ Uzás, a 706 m
- ✚ Queiroa de Arriba, a 730 m
- ✚ Vilar, a 790 m

- ✚ A Ribeira, a 933 m
- ✚ A Pedreira, a 994 m
- ✚ Porto, a 1.026 m
- ✚ Queiroa de Abaixo, a 1.111 m
- ✚ Faramilláns, a 1.114 m
- ✚ A Barcula, a 1.150 m
- ✚ Xernarde, a 1.162 m
- ✚ As Corredoiras, a 1.328 m
- ✚ Covelo, a 1.446 m

- ✚ A posición SOL-01 atópase a 719,2 m. do pobo de Uzás, á 943,2 m. de Cernadas e a 986,7 m. do núcleo rural de Barcula.
- ✚ A máquina SOL-02 dista 754,7 m. da poboación de Uzás.
- ✚ aeroxerador SOL-03 atópase a 704,5 m. de Vilar.
- ✚ A máquina SOL-04 sitúase a 994,8 m. da poboación de Vilar e a 863,8 m. da Ribeira.
- ✚ aeroxerador SOL-05 atópase a 710,5 m. do núcleo rural Queiroa de Arriba.

Mais cómpre ter en conta a presenza doutros parques eólicos próximos cuxas afeccións sobre as familias non son obxecto de estudo e avaliación no EIA presentado pola mercantil promotora. A promotora non preguntou ás familias afectadas se estaban conformes con esta mancha de infraestruturas eólicas preto das súas casas.

- ✚ PE Meirama
- ✚ PE das Encrobas
- ✚ PE Monte Inxeiro
- ✚ PE Alto dos Borralllos
- ✚ PE Monte de San Bartolomé
- ✚ PE Solpor
- ✚ PE Gasalla
- ✚ PE Legre
- ✚ PE Abrente
- ✚ LATS do NÓ MESÓN DO VENTO

Outros parques eólicos na entorna do proxecto:

- ✚ 1. Pes Inditex (PE en explotación o autorizado)
- ✚ 2. Pes Arteixo (PE en explotación o autorizado)
- ✚ 3. Monteagudo (PE en explotación o autorizado)
- ✚ 4. Pes Laracha (PE en explotación o autorizado)
- ✚ 5. Pedrarrubia (PE en explotación o autorizado)
- ✚ 6. Carboeiro (PE en Tramitación)
- ✚ 7. Picoto (PE en Tramitación)
- ✚ 8. Pena Galluda (PE en explotación o autorizado)
- ✚ 9. Coto Loureiro (PE en Tramitación)
- ✚ 10. Pico Cerdeira (PE en Tramitación)
- ✚ 11. Pes Cerceda (PE en explotación o autorizado)
- ✚ 12. Meirama (PE en Tramitación)
- ✚ 13. Monte Inxeiro (PE en Tramitación)
- ✚ 14. Solpor (PE en Tramitación)
- ✚ 15. Gasalla (PE en Tramitación)
- ✚ 16. Xalo (PE en Tramitación)

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

Os campos electromagnéticos de frecuencia extremadamente baixa, xerados tanto nas liñas de transporte, así como nos transformadores eléctricos instalados nas subestacións eléctricas, poderían causar enfermidades graves. Así o afirma o documento Efectos dos parques eólicos e instalacións eléctricas asociadas sobre a saúde, publicado o 22 de setembro por Alianza Enerxía e Territorio (IEMFA). Segundo este informe, a Organización Mundial da Saúde (OMS) concluíu en 2002 que os resultados experimentais existentes ata a data non confirmaban que a exposición a campos electromagnéticos xerados polos compoñentes de distribución e transformación de electricidade produza consecuencias graves para a saúde. Con todo, o avance da ciencia identifica algunhas lagoas que requiren investigacións independentes sobre o tema. De feito, a propia OMS non descarta actualmente que os campos electromagnéticos de baixa frecuencia xerados no transporte e nos procesos de transformación eléctrica deban considerarse como “posible carcinógeno humano”.

A relación directa entre a exposición a campos electromagnéticos e certas afeccións á saúde é unha afirmación da que cada vez hai menos dúbidas no mundo científico. Así o testemuñan diversos estudos, como o da Universidade de Oxford, que relaciona este tipo de contaminación con leucemia infantil ou o incremento de cancro infantil. Do mesmo xeito, a IEMFA publicou en 2001 un informe e declaración de consenso científico sobre os riscos dos campos electromagnéticos. Debido a estes e outros moitos outros estudos, recomendouse limitar a exposición en base aos achados de risco de contraer enfermidades graves como leucemia, tumores cerebrais ou Alzheimer, entre outras.

Neste punto xorde a **necesidade de aplicar o Principio de Precaución. Segundo a Unión Europea, “pode invocarse cando un fenómeno, un produto ou un proceso pode ter efectos potencialmente perigosos identificados por unha avaliación científica e obxectiva, se dita avaliación non permite determinar o risco con suficiente certeza”.** Este principio de cautela non opera cando existen datos terminantes sobre os riscos para a saúde e o medio ambiente. Nese momento deberán operar as medidas preventivas e correctoras. Este é un deses casos no que cabería invocar o principio de precaución ás autoridades, pola falta de información sobre a seguridade da inocuidade dos megaproyectos que se estarían autorizando por toda a xeografía.

A experiencia adquirida ao longo dos moitos anos de funcionamento dos parques eólicos e da súa ampla e progresiva implantación, sacou á luz a aparición de patoloxías específicas nas persoas que viven na súa contorna. Estas patoloxías son producidas sobre todo polo ruído, a contaminación lumínica, as ondas sónicas de baixa frecuencia, as ondas electromagnéticas e outros, que actúan de maneira individual e sinérgica, con efectos que se potencian en función da proximidade dos individuos ás instalacións, así como o tempo de exposición.

Para empezar, o ruído é causante de diversas afeccións da saúde, xa que é o principal impacto dos aeroxeradores sobre as persoas. Por unha banda está o ruído audible, que produce alteracións na calidade do soño mediante a súa interrupción obxectiva. Tamén produce xordeira, acúfenos, vertixes, mareos, cefaleas, hemicrania, depresión, ansiedade, irritabilidade e deterioración da calidade de vida. O ruído é máis perturbador cando hai aeroxeradores próximos e potenciase coa velocidade do vento. Doutra banda, as turbinas producen ruído non audible (infrasonidos, ultrasóns e ondas de baixa frecuencia por baixo de 20 Hz que son imposibles de oír para o oído humano) que tamén é prexudicial para a saúde. Estes sons propáganse a quilómetros, atravesando os muros das vivendas e poden causar fibrilación auricular, dores de cabeza, pesadelos nocturnos, irritabilidade, neurose...

Por outra banda, a Axencia Internacional de Investigación sobre o Cancro incluíu os campos electromagnéticos de baixa frecuencia xerados polas liñas eléctricas e infraestruturas asociadas como posible axente canceríxeno. Entidades científicas e a normativa de varios países europeos e anglosaxóns establecen 0,2  $\mu$  T como valor límite de inmisión dos campos electromagnéticos de frecuencia extremadamente baixa e 0,5 KVM de campo eléctrico. Hai outro aspecto que tamén inflúe na calidade de vida dos habitantes nas áreas próximas aos parques eólicos. A rotación das aspas dos aerogeneradores pode crear oscilacións nos sinais electromagnéticos utilizados para a comunicación. As turbinas crean unha zona escura para as transmisións detectadas nun radio de 10 quilómetros de distancia desde as turbinas, se estas instálanse entre un transmisor e o receptor.

#### ☞ **ÉXODO POBOACIONAL PARELLO Á INSTALACIÓN DE INDUSTRIAS AGRESIVAS COA ENTORNA E CO MEDIO AMBIENTE. PRESIÓN INDUSTRIAL EXCESIVA:**

Impacto non avaliado pola mercantil promotora. O interés público e a utilidade social do proxecto carece de base e xustificación. Así o acredita o forte rexeitamento social á instalación masiva de parques eólicos nos núcleos rurais de Galicia. Nun rural no que a Xunta de Galicia permiten inzar muíños en calquer lugar como así o acredita o feito de que na mesma área xeográfica existan máis instalacións eólicas.

Ao anterior hai que engadir o impacto económico negativo xa que fragmenta ás explotacións agro-gandeiras e forestais repercutindo negativamente na calidade destas e no benestar dos animais das granxas próximas.

**Mesía é un dos concellos de Galicia con máis explotacións gandeiras.**

**\*Ausencia dun inventario ambiental serio e cumprindo co esixido no artigo 35 e Anexo VI da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental: deficiencia do estudo da fauna, da flora, da biodiversidade...**

**\*A promotora obvia a importancia micolóxica da área de afección do proxecto.**

**\*A promotora obvia a importancia económica e ambiental da apicultura do lugar de afección do proxecto.**

**\* A promotora obvia a importancia do cultivo da castaña e dos soutos.**

#### ☞ **VULNERACIÓN FLAGRANTE DA LEI 7/2012, DE 28 DE XUÑO DE MONTES DE GALICIA. ELIMINACIÓN DA MULTIFUNCIONALIDADE DO MONTE.**

O monte é un sector estratéxico na economía galega que contribúe a mitigar o cambio climático e á descarbonización da economía. Aspecto non avaliado pola promotora. A mercantil promotora non avalía o impacto da estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación sobre o benestar das familias dos núcleos habitados e o posible éxodo poboacional que se pode dar derivado da mancha de estacións eólicas que hai no territorio e outras infraestruturas, que dificultan a vida no rural e a sustentabilidade e viabilidade das explotacións forestais e agro – gandeiras (fomentando o feito coñecido como despoboamento do rural ou España baleirada). A este respecto debera informar a Dirección Xeral Xeral de Defensa do Monte da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e á luz da exposición de motivos e o artigo 5 da Lei 7/2012, de 28 de xuño se informe sobre a prevalencia do uso forestal sobre o uso eólico e a incompatibilidade deste, dentro da superficie afectada pola poligonal do parque eólico, en tanto en canto como ben di a exposición de motivos da referida lei, o monte galego é unha fonte de riqueza que xera emprego estable, descarboniza a economía, cumpre co protocolo de Kioto e realiza unha contribución importante ao PIB galego.

Como ben indica o artigo 25 da Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, relativo ao “Desenvolvemento rural: política agraria, política forestal e enerxías renovables”:

*“O Goberno incorporará na aplicación da Política Agraria Común, así como noutras estratexias, plans e programas en materia de política agraria e de desenvolvemento rural, e no Plan Forestal Español, medidas encamiñadas a reducir a vulnerabilidade ao cambio climático dos chans agrícolas, dos montes e dos chans forestais e para facilitar a preservación dos mesmos, entre elas, a*

*elaboración dun mapa de vulnerabilidade, así como a avaliación e promoción de sistemas agrícolas e prácticas de xestión forestal sostíbeis para aumentar a súa resiliencia fronte ao cambio climático, que fomentarán en todo caso as sinerxias coa redución de emisións de gases de efecto invernadoiro nestes ecosistemas”.*

## **LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.**

### *Exposición de motivos*

O monte, ademais da importancia económica e social referenciada en Galicia, ten unha función medioambiental que se recoñece e acrecenta progresivamente. A relación da sociedade galega co monte evolucionou considerablemente desde o último terzo do século pasado, xerando unha nova configuración baseada na esixencia do desenvolvemento sustentable e do aproveitamento racional dos recursos forestais. Así, os bosques aparecen como un elemento básico da estratexia ambiental como reservorios e depósitos de fixación de carbono, que chegan a fixar hoxe máis de 42 millóns de toneladas, o que os converte en piares fundamentais para o cumprimento dos compromisos adquiridos no protocolo de Quioto.

O monte é, ademais, un espazo que determina a paisaxe e a identidade da nosa comunidade, ao tempo que ten un compoñente social de recreo, de lugar de encontro, lúdico e de gozo dos cidadáns. A lei trata de compatibilizar a funcionalidade medioambiental, social e estética do monte, cuxos beneficios intanxibles son aproveitados por toda a sociedade, e uns lexítimos beneficios directos que corresponden aos seus titulares. De aí que a lei persiga, como un dos seus obxectivos fundamentais, adaptar a realidade forestal galega ás esixencias, cada vez maiores, dunha sociedade, madura e moderna, como a de Galicia, que debe cohonestarse cos dereitos á percepción de rendas, froitos e utilidades dos propietarios forestais e dos silvicultores.

### **Artigo 5. Función social dos montes**

1. Os terreos forestais galegos constitúen un recurso estratéxico que deberá contribuír ao desenvolvemento socioeconómico de Galicia, xerando rendas e emprego na Comunidade Autónoma mediante un aproveitamento sustentable dos seus recursos e servizos.
2. Os montes desenvolven unha función social relevante, nos termos do artigo 4 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.
3. A consellaría competente en materia forestal promoverá a dispoñibilidade de montes ou terreos forestais para fins sociais, educativos, ambientais e recreativos, compatibilizados coa súa potencialidade e utilización forestal.
4. A conservación, a expansión e o aproveitamento das masas forestais, segundo os criterios de xestión forestal sustentable e o disposto nesta lei, son de interese público, sen prexuízo do réxime da propiedade.

E cómpre ter moi en conta o artigo 4 da Lei 43/2003, que indica:

#### **“Artículo 4. Multifuncionalidad de los montes.**

*Los montes, independientemente de su titularidad, desempeñan una función social relevante, tanto como fuente de recursos naturales y sustento de actividades económicas como por ser proveedores de múltiples servicios ambientales, entre ellos, de protección del suelo y del ciclo hidrológico; de fijación del carbono atmosférico; de depósito de la diversidad biológica y como elementos fundamentales de la conectividad ecológica y del paisaje.*

*El reconocimiento de estos recursos y externalidades, de los que toda la sociedad se beneficia, obliga a las Administraciones públicas a velar en todos los casos por su conservación, protección, restauración, mejora y ordenado aprovechamiento”.*

Polo tanto,

O uso forestal e a funcionalidade actual dos montes afectados pola parque eólico Legre prevalecen sobre o uso previsto no proxecto eólico citado e RESULTA INCOMPATIBLE a actual utilidade e funcionalidade dos montes cos usos eólicos previstos.

☞ **AFECCIÓN SEVERA E PREXUIZOS SERIOS E IRREPARABLES PARA AS EXPLOTACIÓNS AGRO-GANDEIRAS DA ÁREA DE AFECCIÓN DO PROXECTO:**

A estación eólica e as súas infraestruturas de evacuación fragmentan as explotacións agro –gandeiras coa conseguinte perda da base territorial destas e a perda de rendementos. A fragmentación que produce a infraestrutura eólica resulta incompatible cos obxectivos da Política agraria comunitaria (PAC). A empresa promotora non avaliou os impactos do proxecto sobre estas explotacións económicas e como repercute a estación eólica nas economías familiares dos núcleos afectados.

É por tanto un proxecto industrial agresivo non só coa paisaxe senón también incompatible co medio de vida e o benestar das familias porque implica unha transformación severa e incluso agresiva para o seu sustento económico e á base das economías familiares do rural afectado.

☞ **Prexuízos significativos e danos irreversibles para os hábitats prioritarios e de interés comunitario:**

4030 Brezais secos europeos, 4020\* Brezais húmidos atlánticos de zona tépedas de Erica ciliaris e Erica tetralix, 4090 Brezais oromediterráneos endémicos con aliaga, 9230 Carballeiras galaicoportugueses con Quercus robur e Quercus pirenaica, 8230 Rochedos silíceos con vexetación pioneira 91E0\* Bosques aluviais de Alnus glutinosa e Fraxinus excelsior 3110 Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo 6230\* Formacións herbosas con Nardus 8220 Ladeiras e saíntes rochosos silíceos con vexetación casmofítica 3150 Lagos e lagoas eutróficos naturais, con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition 5110 Formacións estables xerotermófilas de Buxus sempervirens en pendentes rocosas, 6430 Megaforbios eutrofos higrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino, 3170\* Estanques temporais mediterráneos.

O proxecto elimina de forma irreversible unha parte importante destes hábitats vulnerando de forma flagrante a normativa que obriga a súa preservación nun estado de conservación favorable.

Cómpre lembrar ademais que o proxecto eólico Solpor prevé a instalación de 5 muíños de case 200 metros de altura. O tramo da liña de evacuación que entra neste proxecto ten 6 apoios + pórtico + apoio 22 da LAT 132 KV Gasalla-Mesón con unha lonxitude de 709,57 metros. A lonxitude dos viais do parque son de 6.15 km.

Pero ademais están as afeccións e danos irreversibles que outros proxectos producen sobre hábitats prioritarios e de interés comunitario:


4030 - 4090	10.020 metros cadrados PE Monte San Bartolomé
4020*	667 metros cadrados PE Legre
4020* - 4090	3.465 metros cadrados PE Solpor
4020* - 4030 – 4090	10.020 metros cadrados PE Alto dos Borrillos
4030	6.927 metros cadrados PE Abrente
4020* - 4030 - 4090	150 metros cadrados 150 LAT Gasalla-Mesón
1150* - 3110 - 5110 - 91E0*	50 metros cadrados LAT Gasalla-Mesón
3110 - 4020*	50 metros cadrados LAT Abrente-Gasalla

Cómpre lembrar que o buffer escollido pola empresa é dun radio de tan só 5 km, polo que en absoluto é suficiente.

Polo tanto a fragmentación de hábitats e a perda de biodiversidade é irreparable. O impacto ecolóxico das instalacións é inasumible nunha época de crise climática acelerada como a actual. Por enriba do deterioro irreversible ou eliminación definitiva de hábitats, as instalacións tamén afectan aos recursos hídricos.

Ao anterior hai que engadir o impacto do proxecto de solución de evacuación conxunta dos parques eólicos do clúster e das súas infraestruturas de evacuación, obviados pola mercantil promotora.





**O grao de saturación de infraestruturas eólicas e liñas de evacuación é inasumible desde o punto de vista dos hábitats e da paisaxe. Imaxe do proxecto.**

En relación ao impacto económico e sobre os hábitats, o **INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA DOI: 10.17075/icttseepc.2021**, de decembro de 2021, indica ao respecto:

“Cómpre, en fin, atender ao que sinala a Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética, que no seu artigo 25: “Desarrollo rural: política agraria, política forestal y energías renovables” sinala:

*El Gobierno incorporará en la aplicación de la Política Agraria Común, así como en otras estrategias, planes y programas en materia de política agraria y de desarrollo rural, y en el Plan Forestal Español, medidas encaminadas a reducir la vulnerabilidad al cambio climático de los suelos agrícolas, de los montes y de los suelos forestales y para facilitar la preservación de los mismos, entre ellas, la elaboración de un mapa de vulnerabilidad, así como la evaluación y promoción de sistemas agrícolas y prácticas de gestión forestal sostenibles para aumentar su resiliencia frente al cambio climático, que fomentarán en todo caso las sinergias con la reducción de emisiones de gases de efecto invernadero en estos ecosistemas.*

*El despliegue de las energías renovables debe llevarse a cabo de manera compatible con la conservación del patrimonio natural y la adecuada ordenación territorial. Para ello, perseguirá revertir parte de la riqueza que genera en el territorio donde se realice el referido despliegue para activar su economía y combatir el declive demográfico.*

*E que na súa disposición final cuarta modificou os criterios básicos de utilización do solo previstos no artigo 20 do TRLS 2015, introducindo na alínea c), entre outros:*



**d) Riesgos asociados a la pérdida de ecosistemas y biodiversidad y, en particular, de deterioro o pérdida de bienes, funciones y servicios ecosistémicos esenciales”.**

Respecto á fragmentación de parques eólicos en Galicia, O INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA DOI: 10.17075/icttseepc.2021, de decembro de 2021 do Consello da Cultura galega, indica:

*“O gran número de propostas de novos parques eólicos, que en moitos casos son resultado da fragmentación dunha área en varios anacos posiblemente para evitar procedementos ambientais, vai causar importantes impactos no territorio galego, xa de si altamente modificado. (...).*

*Coa instalación dos muíños eólicos, non só se ve afectado o lugar concreto senón tamén as áreas próximas, así como a visibilidade tanto na contorna próxima como na que está máis afastada. (...).*

*A evidencia destes impactos, causados polo xigantismo e a dispersión no territorio das infraestruturas de produción de enerxía eólica e de transporte da enerxía producida, non pode servir de excusa para obviar a necesidade de recoñecer e identificar o impacto concreto sobre os valores do territorio: naturais, paisaxísticos, culturais e socioeconómicos.*

*Alén diso, os estudos de impacto ambiental que se realizan deberían ter a amplitude e o rigor necesarios para evitar e corrir as repercusións dos proxectos eólicos sobre os espazos protexidos. Esas repercusións, como sinala a Directiva 92/43 do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, deben ser avaliadas tendo en conta os obxectivos de conservación dos lugares naturais e atendendo aos efectos que as actuacións producen, estean estas localizadas dentro ou fóra do espazo natural e con independencia da distancia á que se sitúen, considerando ademais que as liñas demarcatorias dos espazos protexidos non rexen para a natureza.*

*A avaliación do impacto, amais de atender ao obxectivo global de acadar un estado de conservación favorable, ten que ter en conta os obxectivos de conservación para os espazos concretos sobre os que se estudan as repercusións. Para iso, eses obxectivos teñen que estar definidos nos plans de xestión que deben ser elaborados pola administración responsable da protección dos espazos naturais.*

*Cómpre, pois, realizar unha avaliación que garanta a protección para evitar repetir procesos como o xa producido na primeira fase do desenvolvemento eólico de Galicia e non repetir aqueles erros sintetizados por Luaces, Schröder e Müller (2020):*

***La situación que se ha generado en Galicia con la instalación de Parques Eólicos en espacios naturales y los daños que estos en su fase constructiva han provocado sobre la biodiversidad y el Patrimonio Natural, es un elocuente ejemplo de mal gobierno, sustentado en procedimientos contruidos de forma deficiente (Álvarez-Campana et al. 2004) y por la elaboración de informes y estudios promovidos por las empresas (Macías et al. 1998; 1999a, b; Macías & Calvo, 1999; Macías & Nieto, 2002; García Arrese et al. 2003a, b; García Arrese, 2005; Tapia et al. 2005) que fueron aceptados por la administración sin contrastarlos con informes independientes, a pesar que se muestran muy deficientes en relación con los criterios que deberían ser considerados en el proceso de evaluación ambiental y fuertemente sesgados a los intereses de los promotores”.***

☞ **Prexuízos significativos e irreparables para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego ou ancient wood:**

\*\*Vulneración flagrante da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres.

*“Artigo 2 1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado. 2. As medidas que*

**se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario”.**

No presente proxecto a afección aos bosques aluviais de *Alnus glutinosa* e *Fraxinus excelsior* Hábitat 91E0\* é moi preocupante, xa que implica a eliminación irreversible de exemplares, contrariamente ao que prescribe a Directiva citada.

Pero tamén é moi preocupante a afección severa e irreversible ás Carballeiras galaico-portuguesas con *Quercus robur* e *Quercus pyrenaica* 9230, hábitat non prioritario pero que igualmente existe o deber das Administracións públicas do seu mantemento nun estado de conservación favorable. A afección máis importante e severa prodúcese sobre dos numerosos cauces innominados afectados polas infraestruturas e que están sen codificar.

**☞ Prexuízos irreversibles para o Lobo e para a viabilidade da especie derivados da instalación das infraestruturas do parque eólico Legre e Solpor. Afección aos seus puntos de encame e puntos de encontro lobeiros.**

O proxecto afecta directamente a zonas de encame e puntos de encontro da especie. Así o demostra non só a realidade física senón tamén os numerosos topónimos que referencian a presenza lobeira na zona como Monte do Lobo, Coto do Lobo, Cabeza do Lobo...etc. Existen multitude de referencias á presenza dos puntos de encontro lobeiros e testemuñas desta realidade. Neste sentido estes proxectos afectan directamente e de forma irreversible aos hábitats da especie. Falla de avaliación por parte da promotora. Pero esta avaliación deberá ser previa á ubicación dos parques eólicos. Hai que ter en conta que a corta de matogueira e a ocupación do terreo ten impactos significativos para a especie. Polo tanto, antes de escoller o emprazamento do parque xa se debera prever estes puntos de encame e de encontros lobeiros. O parque eólico Solpor e as súas infraestruturas prevé a eliminación destes puntos de encontro e encame causando prexuízos irreversibles para a especie. Non se seguiron os criterios dos expertos que indican:

*“ Na fase de planificación dun novo parque eólico (fase proxecto) consúltense as fontes dispoñibles acerca da presenza de mandas de lobos na zona. Desta maneira, tendo en conta os requirimentos da especie e o que se coñece do efecto dos parques eólicos sobre os lobos, poden minimizarse, e mesmo, evitarse impactos negativos sobre este cánido, modificando a disposición das infraestruturas e alonxando estas dos puntos de encame e puntos de encontro das mandas de lobos.*

*• É conveniente que durante a planificación dun parque eólico identifiquense as principais manchas de vexetación arbustiva e evítese, na medida do posible, a súa fragmentación e destrución”.*

A totalidade das infraestruturas eólicas fragmentan os hábitats das especies producindo prexuízos significativos para unha especie de marcado carácter territorial. Os lobos son TERRITORIAIS, e os lobos que nun territorio alleo no que non estean abertos a aceptar elementos novos, serán eliminados. O 70% dos lobos que morren por causas naturais o son por esta causa.

O Convenio de Berna relativo á Conservación da Vida Silvestre e o Medio Natural de Europa, foi asinado en Estrasburgo (Francia) en 1979. Este convenio incluíu ao lobo no Anexo II “Especies de fauna estritamente protexidas”, constando as prohibicións correspondentes no seu art. 6. Este Convenio debe o seu valor a tres características fundamentais: o seu carácter xeneralista, a concepción da lista 9 única de especies e a incorporación da política conservacionista na planificación económica.

O artigo 56 da Lei 42/2007 de Patrimonio Natural e da Biodiversidade establece a protección para todas as especies amparadas por tratados e convenios internacionais, como o de Berna, ratificado por España, polo que en caso de non ter dita consideración estaríamos ante un incumprimento flagrante das obrigacións derivadas do Convenio de Berna, e da subseguinte Directiva Hábitats 92/43/CEE, en relación a unha especie protexida e de interese comunitario como o Lobo.

Ao anterior hai que engadir os impactos dos parques eólicos que promove o Clúster empresarial e as súas liñas de evacuación asociadas.

**☞ Prexuízos significativos e incompatibles coa avifauna:**

*Circus pygargus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Galego de Especies Ameazadas: "Vulnerable"

Catálogo Nacional de Especies Ameazadas: "Vulnerable"

*Circus cyaneus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Galego de Especies Ameazadas: "Vulnerable"

Especie en Réxime de Protección Especial

*Circaetus gallicus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

*Hieraaetus pennatus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

*Milvus migrans*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

*Aegypius monachus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Nacional de Especies Ameazadas:

"Vulnerable" *Gyps fulvus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

*Falco peregrinus*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

*Falco columbarius*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Especie en Réxime de Protección Especial

*Bubo bubo*

Status de protección legal: Anexo I Directiva Comunitaria 2009/147/CEE

Catálogo Galego de Especies Ameazadas: "Vulnerable"

## Especie en Réxime de Protección Especial

Existe unha especial afección para:

Lucanus cervus

Accipiter gentilis

Tyto alba

Myotis myotis

Accipiter nisus

Strix aluco

Myotis mystacinus

Buteo buteo

Athene noctua

Nyctalus leisleri

Circaetus gallicus

Barbastella barbastellus

Pipistrellus pipistrellus

Falco peregrinus

Eptesicus serotinus

Plecotus auritus

Falco subbuteo

Hypsugo savii

Plecotus austriacus

Falco tinnunculus

Myotis daubentonii

Rhinolophus ferrumequinum

Milvus migrans

Myotis escaleraei

Rhinolophus hipposideros

Pernis apivorus

Myotis emarginatus

Tadarida teniotis

Otus scops

O carácter continental e as elevadas precipitacións que se rexistran neste área favorecen a existencia de herbais húmidos e zonas higróturbosas que albergan poboacións importantes de Bufo calamita, Ra temporaria e Discoglossus galganoi.

Destacan as especies de Triturus helveticus, Ra Temporaria e Chioglossa lusitanica por estar incluída no Catálogo Nacional de Especies Ameazadas.








Especial atención merece tamén Hyla arbórea (rá de Santo Antón) por ser unha das especies que está a sufrir unha maior regresión debido á alteración do seu hábitat. É unha especie vulnerable e precisa de espazos pouco alterados tanto acuáticos como terrestres.

Outros anfibios importantes son Bufo calamita, Discoglossus galganoi, Alytes obstetricans e a Rá ibérica considerados como especies estritamente protexidas polo Convenio de Berna.

Dentro deste grupo destacan as especies de Lacerta schreiberi e Coronella austriaca por estar considerada como especies estritamente protexidas polo Convenio de Berna.

Un plan de seguimento de avifauna non é unha medida correctora. Moitas destas especies ostentan figuras legais de protección que poñen de manifesto a importancia da súa conservación eficaz e efectiva.

### Flora en perigo de extinción e vulnerable

-  Isoetes fluitans (Isoetes fluitans)
-  Thymelaea broteriana (Thymelaea broteriana)
-  Narcissus cyclamineus
-  Iris boissieri
-  Limonium dodartii. E
-  Rumex rupestris Lle Gall.
-  Omphalodes littoralis gallaecica.

☞ **Afección severa ao patrimonio cultural e arqueolóxico e a súa descontextualización:**

GA15047021 MEDORRA 5 DA REVOLTA DE BANDEIRA	TÚMULO 04 TÚMULO DA PEDREIRA 4	H-BA-04 HÓRREO EN AS TEIXOEIRAS
GA15047027 MÁMOA 1 DO FRANCÉS	TÚMULO 05 TÚMULO DA PEDREIRA 5	H-BA-05 HÓRREO EN A FRAGA
GA15047028 MÁMOA 2 DO FRANCÉS	TÚMULO 06 TÚMULO DE MOU 1	H-CB-10 HÓRREO EN VILARDEVESA-A GÁNDARA
GA15047029 MÁMOA 3 DO FRANCÉS	TÚMULO 07 TÚMULO DE MOU 2	H-MS-05 HÓRREO EN A ESCARAVELLEIRA
RE15026002 ERMIDA DE SANTA LUCÍA	TÚMULO 08 TÚMULO DE REGUEIRO	H-MS-06 HÓRREO EN RECELLE
TO15026009 A TORRE	TÚMULO 09 POSIBLE TÚMULO DE ALTOS DE CABRUI	H-MS-08 HÓRREO EN RECELLE
TÚMULO 01 TÚMULO DA PEDREIRA 1	TÚMULO 11 TÚMULO DE AS PEDREIRAS 2	RECTORAL DE BORRIFÁNS
TÚMULO 02 TÚMULO DA PEDREIRA 2	REF01 COTO DE SANTA CRISTINA	CRUZ 01
TÚMULO 03 TÚMULO DA PEDREIRA 3	TO01 CASTELO VERDE	

**A isto hai que engadir a afección patrimonial que prevé o proxecto do parque eólico Solpor, non avaliado pola mercantil promotora no EIA do proxecto do parque eólico Legre:**

GA15059010 MEDORRA DE FARAMILLÁNS

GA15059083 MÁMOA DO REGO CASTREXO

GA15059088 TÚMULO DOS MEANCOS 1

TÚMULO 01 TÚMULO DOS MEANCOS

O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente. Contrariamente ao que se indica no estudo existen indicios máis que evidentes e razoables da existencia de máis patrimonio arqueolóxico. Así mesmo o indican topónimos e microtopónimos presentes na área xeográfica da instalación das infraestruturas como: A Cruz, Torreiros, As Coviñas, As Pías, As Medorras, Castros...etc.

Pero ademáis, e posto que estamos a falar dunha área xeográfica de moitos regos, regatos e ríos, existen un bo número de pontellas nos portos existentes para o cruzamento dos ríos, canles, batáns, muíños de maquiá, portos e muíños. Un sinfín de patrimonio vencellado á grandeza dos recursos hídricos da zona de afección do proxecto e obviado pola mercantil promotora.

A promotora obvia o impacto sinérxico sobre o patrimonio da totalidade dos parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación.

Así o corrobora o **INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA DOI: 10.17075/icttseepc.2021**, de decembro de 2021 elaborado polo Consello da Cultura Galega.

Véxase: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=4437>

**Indica este informe nas súas páxinas 30 e seguintes en relación ao patrimonio cultural afectado pola planificación eólica en Galicia e a instalación desordenada de estacións eólicas que:**

*“En Galicia, dúas décadas despois da Directiva 2001/42/CE, o sector eólico continúa regulado por un plan non avaliado, no que os aspectos medioambientais (no amplo concepto de ambiente que define a directiva) non foron tidos en conta na preparación e*

*adopción do Plan e, polo tanto, o desenvolvemento da enerxía eólica en Galicia está sometido unicamente á avaliación ambiental, insuficiente e imperfecta, do impacto dos proxectos, manténdose así o déficit de protección medioambiental que a Directiva pretendeu emendar.*

*A elaboración do Plan sectorial eólico realizouse a partir unicamente da IDONEIDADE DAS LOCALIZACIÓNS realizada desde a análise do seu potencial eólico. Expresamente sinala o texto vixente que non se avalían nin sequera as posibles incompatibilidades entre o PSEG e outros plans e proxectos sectoriais, “xa que a amplitude das áreas incluídas nese Plan non permite esa análise” e considera que é no desenvolvemento dos proxectos específicos dos parques eólicos onde se deberá xustificar esa compatibilidade. Resulta obvio, polo tanto, sinalar que a delimitación das áreas non considerou a existencia de valores naturais, culturais e paisaxísticos nin as súas interrelacións. (...)*

*A consideración do patrimonio cultural limitada ao patrimonio material e de natureza arqueolóxica, considerándoo ademais illadamente do seu contexto e contorno territorial, a consideración da paisaxe desde a perspectiva da perda de valores estéticos, desde a visibilidade, e a consideración deses valores do punto de vista económico están moi lonxe dos actuais paradigmas, dos conceptos e criterios establecidos na lexislación internacional e nas normativas autonómicas en relación coa paisaxe e o patrimonio cultural”.*

**En relación á afección paisaxística dos parques eólicos tramitados pola Xunta de Galicia segundo o Informe elaborado polo Consello da Cultura Galega, máximo órgano consultivo da Xunta de Galicia en materia de cultura, indica respecto á afección paisaxística da actual planificación eólica que:**

*“Esta avaliación pon de manifesto unha consideración da paisaxe centrada nos ámbitos singulares e no impacto, contrariamente ao que sinala o Convenio europeo da paisaxe, que recoñece todas as formas das paisaxes, tanto as emblemáticas coma as ordinarias, e apártase igualmente do concepto de “xestión das paisaxes” que este convenio define que ten como finalidade a de guiar e harmonizar as transformacións inducidas polos procesos sociais, económicos e medioambientais.*

*Este tratamento da paisaxe apártase incluso dos criterios que recollera a Guía de criterios de integración paisaxística de parques eólicos editada pola Xunta de Galicia (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) (Borobio e Castillo 2013). Nesta Guía xa se realizaba unha diagnose da relación do despregamento eólico coa paisaxe cando sinalaba que os “proxectos proliferan sen que a súa distribución territorial sexa percibida pola cidadanía como racional e sen que o carácter acumulativo dos impactos paisaxísticos fora avaliado”.*

*Manifestaba ademais a necesidade de que o Plan sectorial eólico do ano 1997 fose revisado “conforme ás novas formulacións de protección, ordenación e xestión da paisaxe” que persegue a Xunta de Galicia coa súa política de paisaxe. Situaba así a Guía no camiño cara á integración e harmonización da planificación sectorial coa ordenación do territorio e o carácter da paisaxe. Nese camiño: “A enerxía eólica percíbese, por tanto, como un recurso territorial que precisa dun estudo dende unhas formulacións e unha perspectiva máis ampla (económica, social, ambiental e cultural), perspectiva que nos proporciona a mirada holística e integradora dende a ciencia da paisaxe”, atendendo a paisaxe “dende unha aproximación dinámica, como síntese do modelo de usos do territorio e dos valores (tanxibles e intanxibles) que se proxectan nel, como dereito, como recurso económico e como elemento de identidade”.*

*Na mesma Guía, desde a perspectiva do Convenio europeo da paisaxe, enténdese por “integración paisaxística o conxunto de accións que, partindo da comprensión dun lugar, conforman o proxecto e permiten diminuír o impacto paisaxístico deste,*

*incorporándoo en harmonía co contorno de forma que o complemento e enriqueza. [...] a única fórmula que nos permite acadar a integración paisaxística é aquela que xorde da comprensión do lugar, para abordar a súa transformación”.*

*A comprensión do carácter da paisaxe da área onde se proxecta un parque eólico (o patrón distintivo, valioso, recoñecible e coherente dos elementos e relación do territorio que o singularizan) é esencial e “ten que levarse a cabo antes de que se avalie calquera desenvolvemento dentro dela”, “só a partir do recoñecemento do carácter da paisaxe poden deseñarse proxectos e estratexias integrados na paisaxe”.*

*A Guía identifica e resalta na súa diagnose outra gran carencia para levar a cabo estratexias de integración completas: a de ter excluído do planeamento e desenvolvemento dos proxectos as etapas e actividades propias dun verdadeiro proceso de participación pública.*

*Na práctica estamos diante de estudos de impacto que responden a unha diagnose do estado actual ben definida, que implica tanto a identificación de impactos, como a definición de medidas de integración. Esta diagnose leva implícita a crenza na capacidade de integración dos parques no territorio, así como a súa acomodación á paisaxe. É esta unha certeza sen base científica, xa que as áreas de desenvolvemento eólico se delimitaron cunha total e absoluta ausencia de consideración da paisaxe, polo que non se sustenta no coñecemento nin na análise previa.*

*Así, a avaliación de impacto e incidencia paisaxística faise desde unha concepción clásica da paisaxe asociada á contemplación visual do espazo, limitase a constatar o impacto visual e a dificultade (imposibilidade) de integración... e a requirir, como recollen as DP e algunhas das Declaracións de Impacto Ambiental recentes:*

*No caso de que exista unha manifesta preocupación social polo impacto visual dos aeroxeradores, deberán adoptarse as medidas necesarias para reducir ou mitigar o seu impacto visual. Nestes casos estudarase a posibilidade de realizar plantacións arbóreas nas proximidades dos núcleos, consensuadas cos seus habitantes, para reducir a visibilidade dos aeroxeradores. Nesta mesma liña, considerarase a posibilidade de facilitar a xestión forestal destas terras de xeito que se apantalle o parque con plantacións forestais planificadas e xestionadas con esta finalidade, fomentando as especies autóctonas e asegurando o cumprimento das prescricións da normativa en materia de prevención de incendios forestais”.*

Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, forestais e patrimoniais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

#### **☞ En relación ao patrimonio cultural e a súa descontextualización derivada dos proxectos dos parques eólicos Legre e Solpor e os demais parques do mesmo ámbito xeográfico:**

Óbviase calquer referencia á arqueoloxía da paisaxe. Non se estuda nin avalía o patrimonio sonoro nin olfativo.



O estudo patrimonial da promotora é moi deficiente. Contrariamente ao que se indica no estudo existen indicios máis que evidentes e razoables da existencia de máis patrimonio arqueolóxico. Pero ademáis, e posto que estamos a falar dunha área xeográfica de moitos regos, regatos e ríos, existen un bo número de pontellas nos portos existentes para o cruzamento dos ríos, canles, batáns, muíños de maquia, portos e muíños. Un sinfín de patrimonio vencellado á grandeza dos recursos hídricos da zona de afección do proxecto e obviado pola mercantil promotora.

Os Poderes Públicos están obrigados pola lei e as diferentes recomendacións e tratados internacionais ratificados polo Reino de España a unha actuación positiva, ampla e decidida na conservación, defensa e posta en valor dos Bens Culturais, Patrimoniais e Arqueolóxicos dado o seu carácter de bens inalienables de dominio público derivado da súa utilidade pública de máxima prevalencia fronte a calquera outra (Velasco, 2002).

Pero a súa vez, é deber inalienable por parte dos Poderes Públicos de protexer o contorno, ámbito, contexto, escenario ou ambiente dos bens culturais e arqueolóxicos evitando a súa descontextualización é un imperativo central repetido pola lexislación e os diferentes tratados e recomendacións internacionais sobre o patrimonio (Pose & Abuín, 2020). Nese sentido referenciamos a abordaxe desta cuestión que fai entre outras a Carta de Atenas de 1931, a Carta de Venecia de 1964, a Comisión Francischini de 1967, a Carta de Quito de 1967, a Convención da Unesco sobre Patrimonio Mundial de 1972, a Carta Europea do Patrimonio Arquitectónico de 1975 do Consello de Europa, a Recomendación de Nairobi de 1976, o Terceiro Simposio Europeo de Múnic de 1978, a Convención de Granada de 1985, a Carta de Cracovia de 2000, o Convenio de Florencia ou a Declaración de Xi'an de 2005.

Non cabe pois descontextualizar o patrimonio cultural nin desvencellalo da paisaxe como se fai no estudo de impacto ambiental.

#### **Patrimonio cultural inmaterial: sen avaliar**

#### **Prexuízos significativos e irreversibles para os chans e o medio ambiente:**

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

O municipio de Mesia, réxese por Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente o 26/12/2012, os terreos afectados están clasificados como “Chan Rústico de Protección Forestal” e “Chan Rústico de Protección Agropecuaria”.

A implantación dos eólicos proxectados do parque eólico Legre, ao igual que o parque eólico Solpor, alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.



A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

*“A Lei do chan aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.*

O artigo 31 da citada lei referido a “Concepto e categorías” establece:

*“1. Terán a condición de chan rústico:*

*a) Os terreos sometidos a algún réxime de especial protección, de conformidade coa lexislación sectorial de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas, ou coa lexislación sectorial de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais”.*

Así, o artigo 34 da Lei 2/2006 do chan de Galicia indica respecto ao “Chan rústico de especial protección” que:

*“4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”,* pero entendendo en base ao indicado na exposición de motivos da lei, que no caso de non poder complementarse prevalecerá aquel que máis protexa o chan rústico e en ningún caso, aquel que poida alterar de forma irreversible a funcionalidade deste como é o caso das infraestruturas eólicas proxectadas.

De feito, o artigo 35.2 indica que: *“Os restantes usos en chan rústico son usos prohibidos”,* sobre todo aqueles que alteren de forma irreversible a súa funcionalidade, como é o caso das remocións de terra descritas no proxecto do parque eólico Legre.

### **Conclusión:**

As infraestruturas do parque eólico Legre resultan incompatibles cos usos e a fertilidade actual dos chans. As cimentacións do parque xunto coa remoción de toneladas de terra previstas para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que, a perda da cuberta vexetal e dos humidais converte aos chans nun recurso natural non renovable e finito perdendo a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible.

### **III.- ANÁLISE DOS PLANEAMENTOS URBANÍSTICOS MUNICIPAIS DOS MUNICIPIOS AFECTADOS POLO PARQUE EÓLICO LEGRE.**

**A mercantil promotora propón a modificación de cualificación urbanística e regulación detallada do uso** pormenorizado para recalificalo como chan rústico de especial protección de infraestruturas.

De acordo co previsto no Artigo 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico de especial protección, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria, prevalecendo aquel que outorgue unha maior protección (que neste caso non é o chan de infraestruturas). **Polo tanto, desde o punto de vista urbanístico o proxecto do parque eólico LEGRE SON INCOMPATIBLES. A promotora pretende unha recalificación urbanística non amparada legalmente en relación ao chan rústico.**

*“Artigo 34.4. Cando un terreo, polas súas características, poida corresponder a varias categorías de chan rústico, aplicaranse os distintos réximes de forma complementaria”.*

Ao anterior hai que engadir a prevalencia da protección ambiental do **Artigo 2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

*“Artigo 2. Principios.*

*Son principios que inspiran esta lei:*

*f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia”.*

A maior abundamento **hai que contar coa protección ambiental reforzada dá Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.** Hai hábitats prioritarios e hábitats de interese comunitario pero ambos os dous tipos gozan da protección do artigo 2 desta directiva, isto é:

1. A presente Directiva ten por obxecto contribuír a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros ao que se aplica o Tratado.

2. As medidas que se adopten en virtude da presente Directiva terán como finalidade o mantemento ou o restablecemento, nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres da fauna e da flora de interese comunitario.

**Os hábitats naturais de interese comunitario requiren de zonas de especial conservación conforme á Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992 relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. Non poden ser, por tanto, nin eliminados, nin degradados. A normativa citada indica expresamente que estes hábitats deben ser conservados e manterse nun estado de conservación favorable.**

#### **IV.- A prevalencia da protección ambiental da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.**

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

En virtude do anterior,

#### **SOLICITA:**

1.- O rexeitamento da a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Legre, nos concellos de Mesía e Oza-Cesuras (A Coruña) (expediente IN408A 2020/097), DOG Núm. 126, de 4 de xullo de 2022 e a retirada definitiva de ambos os dous proxectos pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.

2.- O rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da autorización administrativa de construción, do estudo de impacto ambiental e do proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico, PIA) do proxecto do parque eólico Solpor, nos concellos de Mesía e Ordes (expediente IN408A 2018/26), DOG Núm. 242, 20 de decembro de 2021 e a retirada definitiva de ambos os dous proxectos pola súa incompatibilidade cos valores ambientais, patrimoniais e paisaxísticos presentes na área de afección do proxecto e a falla de licencia social.

3.- Sometan a exposición pública conxunta a totalidade da documentación ambiental das infraestruturas eólicas que conforman o NÓ MESÓN DO VENTO, isto é, o parque eólico Gasalla, o parque eólico Abrente, o parque eólico Legre, o parque eólico Solpor, a LAT 132 kV SET PE Gasalla-SET Colectora Mesón, a SET Colectora Mesón e LAT 220 kV de ligazón, a LAT 132 kV SET PE Abrente - SET PE Gasalla, a LAT 132 kV de evacuación do PE Legre, a LAT 132 kV de evacuación do PE Solpor (esta infraestrutura tramítase en conxunto co PE Solpor), a LAT 220 KV CAMPELO-MESÓN, o parque eólico Encrobas, o parque eólico Meirama, o parque eólico Alto dos Borrillos e o parque eólico San Bartolomé ou ben sometan á correspondente avaliación ambiental estratéxica o proxecto industrial eólico conformado polo clúster de empresas que o promove. Non poden dividir artificialmente o proxecto industrial eólico en proxectos independentes aos efectos ambientais, xa que están a diluir a totalidade dos impactos do conxunto.

4.- Téñase en conta que o Inventario de Humidais de Galicia non recolle ningún humidal agás os seis protexidos polo Convenio Ramsar. Téñase en conta que ademais dunha impresionante e exclusiva biodiversidade, calcúlase que unha hectárea de turbeira pode almacenar entre 3 e 3,5 veces máis carbono que unha hectárea de bosque tropical, reducindo a emisión de gases de efecto invernadoiro e o quecemento global do planeta, polo que é fundamental a conservación destes sumidoiros e acumuladores de carbono.

5.- Acceso dixital, ao abeiro da Lei 27/2006, á documentación relativa ao seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico de Galicia e ao programa de vixilancia ambiental deste, tal e como indica o artigo 51 da Lei 21/2013, de 9 de outubro de avaliación ambiental de Galicia.

Véxase o Informe Macroeólicos:

<https://mapaseolicos.wordpress.com/informe/>

6.- Teñan en conta que en consoancia co anterior estase a vulnerar unha mancha de normativa que xera indefensión para a cidadanía como:

- Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro de 2003, relativa ao acceso do público á información ambiental e o Convenio de Aarhus de 1998 sobre o acceso á información, a participación do público e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente, que garanten o acceso público a información ambiental que obre en poder das autoridades públicas ou doutras entidades no seu nome, tanto cando se lles solicite como mediante divulgación activa.
- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005 sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 124 de 17.5.2005, pp. 1-3)
- Regulamento (CE) nº. 1367/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativo á aplicación, ás institucións e aos organismos comunitarios, das disposicións do Convenio de Aarhus sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (DO L 264 de 25.9.2006, pp. 13-19)
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Lei 7/2012, de 28 de xuño de Montes de Galicia.
- Directiva 2014/52/UE do Parlamento Europeo e do Consello do 16 de abril de 2014 pola que se modifica a Directiva 2011/92/UE, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente.
- Directiva 2011/92/UE do Parlamento e do Consello, do 13 de decembro de 2011, relativa á avaliación das repercusións de determinados proxectos públicos e privados sobre o medio ambiente
- Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación ambiental dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

7.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso existe un rexeitamento social ao proxecto do parque eólico Legre, ao parque eólico Solpor e os demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: "Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud".

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

8.- Abran un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto do parque eólico Legre e o proxecto do parque eólico Solpor e as demais infraestruturas eólicas previstas para a mesma área xeográfica, aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, **en base ás aspiracións da cidadanía**, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

Deberan someter a exposición pública a documentación ambiental do proxecto eólico no seu conxunto, incluída a liña de evacuación e demais infraestruturas asociadas de conexión, para non diluir ou reducir os impactos do conxunto e así facilitar a participación da cidadanía na análise dos impactos globais do conxunto, sobre todo de cara a analizar o impacto paisaxístico e garantir a existencia de corredores ecolóxicos.

9.- Non se prevén medidas preventivas, nin correctoras nin compensatorias co fin de eliminar ou minimizar os impactos. Tan só se prevé un Programa de vixilancia ambiental que segundo a mercantil promotora:

*"PROGRAMA DE VIGILANCIA AMBIENTAL \_\_\_\_\_"*

*Los seguimientos que se realizarán para detectar potenciales efectos acumulativos (aditivos y/o sinérgicos), se llevarán a cabo una vez se haya comenzado el funcionamiento de las infraestructuras del NUDO MESÓN DO VENTO y se incluirán en los correspondientes informes de seguimiento.*

Durante los dos primeros años, semestralmente y hasta el quinto año de explotación anualmente, se realizará un informe con los siguientes contenidos:

- Seguimiento de los posibles efectos acumulativos (aditivos y/o sinérgicos) sobre la avifauna y quirópteros.

**A continuación, se plasman los detalles de dicho seguimiento.**

▯ *Plan de seguimiento de los posibles efectos acumulativos sobre la avifauna y quirópteros.*

*El objeto del presente Plan de Vigilancia es el de evaluar la posibilidad de que se produzcan efectos acumulativos entre los impactos sobre la avifauna y quirópteros producidos por la implantación de las infraestructuras del NUDO MESÓN DO VENTO respecto a los restantes proyectos, y en base a ello establecer las medidas correctoras pertinentes si fuera pertinente.*

*Para llevar a cabo el análisis específico de los posibles efectos sinérgicos y/o acumulativos **se partirá de los resultados de los planes de vigilancia de cada uno de los proyectos por separado, teniendo en cuenta que atendiendo a la Ley 27/2006, de 18 de julio, por la que se regulan los derechos de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente, los datos necesarios han de ser accesibles. Dado que será el órgano sustantivo el receptor de los planes de vigilancia de todas las instalaciones, será éste el responsable de aportar al promotor del presente proyecto los datos de seguimiento necesarios para la realización de este apartado.***

*De esta forma, la valoración de los impactos generados por todas las infraestructuras incluidas en el análisis de efectos acumulativos debe resumirse en la obtención de tasas de colisión, índices de abundancia y otros parámetros poblacionales que indiquen si se está produciendo o no un efecto negativo acumulativo, aditivo y/o sinérgico, achacable a las infraestructuras.*

Á vista do indicado no EIA pola mercantil promotora, e dado que o estudo dos impactos sinérxicos e acumulados presentado pola mesma e sometido a exposición pública é claramente insuficiente, por esta parte solicítase acceso aos plans de vixilancia que solicita a mercantil promotora e que os mesmos se fagan públicos e se sometan a exposición pública, como parte da documentación ambiental dos proxectos eólicos Legre, Solpor..., e os demais proxectos do NÓ MESÓN DO VENTO.

Mesía, 11 de xullo de 2022

Asdo.- \_\_\_\_\_